

A NOSA TERRA

ANO XI • 29 DE SETEMBRO • 1988

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Nº 356 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA

Catro tipos de servidumes protexerán o dominio público marítimo-terrestre

A COSTA DE TODOS



XAN CARBALLA

S U M A R I O

Randulfe: 'A unidade é un salto voluntarista'

Home de longa traxectoria de loita democrática, ex-xesuita, avogado laboralista vinculado en tempos ao PC e hoxe deputado polo PSG-EG no parlamento autónomo, Fernando Martínez Randulfe, defínese, pése a todo, como escéptico "por iso non ocupo nengun cargo no partido". (Páx. 10 e 11)

A discusión a confluencia nacionalista

A proposta realizada polo Bloque Nacionalista Galego de estudar a concurrencia eleitoral conxunta dos partidos de ámbito galego ás eleccións europeas está a desatar un forte debate na sociedade galega. A iniciativa foi apoiada por Independentes de Lugo e rechazada polo PSG-EG e por Centristas de Ourense. (Páx. 5)

A ideoloxía nas Olimpíadas de Seul

Ollamos nas pantallas unhas probas deportivas. O esforzo dos atletas, os logros e as decepcións podemos xulgalas por nós mesmos. Pero acompañando as imaxes, os comentarios na TV, nas rádios e logo nos xornais é, moitas veces, un mundo de desigualdades, prexuízos ideolóxicos e racismo. (Páx. 11)

Textos escolares en galego para as editoriais de fóra

A cuota de mercado que as editoriais non galegas levan do libro de texto no noso idioma medra ano a ano. O ordenamento tantas veces esixido para que se cumprira a lexislación que obriga a unha continuidade nos textos en varios períodos escolares, o encarecemento progresivo dos libros e unha maior oferta editorial xera problemas. (Páx. 15)

AGLI: 'O castellano está discriminado'

Unhas preguntas percorren estes días Galiza: quen son os da "Asociación Gallega por la Libertad del Idioma", a quen representan?, cal é a súa ideoloxía?. As respostas foron moitas veces máis apaixonadas que feitas con coñecemento de causa. Os de AGLI non son os representantes nen do coruñesismo recalitante, aínda que tamén hai membros, senón do pensaficial do PSOE. (Páx. 7)

CADA 4 MINUTOS...

AEROLINEAS ARGENTINAS

A CORUÑA RESERVAS TELF. 21 32 11

Catro tipo de servidumes protexerán o dominio público marítimo-terrestre

A costa de todos

A Lei de Costas aprobada hai dous meses aparece con oportunidade, aínda que con retraso, para defender da agresión e a presión especulativa dos case dous mil quilómetros de beiramar, danados xa nun sesenta por cento.

PLÁCIDO LIZANCOS-G. LUCA

O 29 de Xullo entraba en vigor a Lei de Costas. Unha lei substituta doutra anterior datada no desenrolista ano 1969. Dous meses de aplicación dunha lei tan importante para un ámbito tan fráxil e significativo como é o costeiro son insuficientes para falar de logros mais non para facer previsións con base na situación actual. Unha situación que pode definirse como preocupante á vista deste 60% de lonxitude costeira xa alterada que todos recoñecen.

Esta situación actual parece tendente a empiorar na medida en que a Galiza costeira (agás os tramos da Costa da Morte e a cornisa Cantábrica coruñesa) presentan unha certa dinámica urbanística e industrial que probablemente seguirán mantendo a curto e medio prazo provocando unha crecente concentración de poboación na costa en detrimento do interior, en vías de desertización. (No 1970 o 43% dos galegos vivían en concellos costeiros, sendo estes no 1985 xa o 49%).

Obxectivos da Lei de Costas

O limiar da propia Lei resulta dabondo expresivo cando di que "...por riba de intereses contrapostos un dobre propósito alzáse como garante do carácter público do dominio marítimo-terrestre conservando as súas características naturais conciliando as esixencias de desenvolvemento cos imperativos de protección..."

Para acadar estes obxectivos a Lei prescribibe unha serie de limitacións e servidumes sobre os terreos conlindantes co dominio público marítimo-terrestre. Servidumes que son:

Servidume de protección: Zona de 100 metros de ancho medidos desde a beiramar, na súa máis alta maré, cara o interior.

Nesta zona tan só se permitirán obras, instalación e actividades que non podan ter outro emprazamento ou ben presten un servizo público. Non se poden pois edificar vivendas, trazar estradas de alta capacidade, destruír xacementos de area, executar desmontes, facer vertidos sen depurar, realizar publicidade ou tender liñas aéreas de alta tensión.

Servidume de tránsito: Son os primeiros seis metros da zona anterior. Esta franxa debe permanecer totalmente libre.

Servidume de acceso: Prescribense as distancias que deben gardar os aparcamentos e accesos rodados entre si.

Servidume de area: a nova Lei outorga a concesión de to-



ARQUIVO ANT

dos os xacementos de area ao Estado que só poderá autorizar a súa extracción cando esta actividade non perxudique ao meio. Asimesmo establécese unha limitación de extracción nos tramos finais dos ríos para facilitar o aporte de áridos.

Tamén se establece unha "zona de influencia" que ten un ancho de 1 Km. a partir do borde

costeiro. Neste sector vixílarase a construción.

Incidencia da Lei

A Lei de Costas ten o carácter de regulación básica e portanto complementaria da normativa que podan dictar as comunidades autónomas e os concellos no ámbito das súas competencias.

Esta lei estatal pretende tan só pór en orde un corpo legal obsoleto, excesivamente ambiguo e "xeneroso" coa propiedade privada que se topaba espallado en varios textos, co fin único de salvaguardar as costas.

O vello precepto rexistado por Alfonso X o Sábido nas "Sete Partidas": "as cousas que comunamente pertencen a todas as cria-

Presión turística (Sanxenxo)
turas que viven neste mundo son: o ar, as águas da choiva, as do mar e a súa ribeira" volta hoxe a ser certo. □

NO 1985 O 49 POR CENTO DA POBOACIÓN VIVIA NA COSTA

E
D
I
T
O
R
I
A
L

USO COMUN E LEGADO HISTÓRICO

O 43 por cen da poboación vivía en concellos costeiros hai dezoito anos e considérase que hoxe ese indicativo terá aumentado máis de seis puntos. Esta concentración de asentamentos tense cobrado dun medio natural privilexiado un primeiro preço a considerar, en forma de verquidos urbanos a unhas rias con baixo índice de intercambio de augas. Contodo, son as variantes posibeis da especulación, e a privatización as que ten consolidado o número máis alto de chataduras e borróns sobre a liña de costa. Esta presión especulativa ten inducido tamén a invasión xeneralizada das abas das rias por aterramentos e desecacións na busca de espacios de uso comun, en especial deportivos. Paradóxicamente a ocupación das rias prodúcese á beira de estremas urbanas de mar expropiadas non moito antes polo interese particular.

Pero o amplo corolario de agresións

non sempre permite identificar un móbil económico coma causante inmediato. Unha crise profunda de identidade impide en moitos casos recoñecer e proclamar que a paisaxe é como un arquivo da nosa memoria que non só abrangue a súa fasquia actual senón a suma da evolución imprimida polo tempo en praias, esteiros, cons e robaleiras. O Estado utiliza esta circunstancia para presentar a filosofía de interese público da Lei de Costas como un avance mentres oculta o seu carácter centralista. Todas as leis e os seus aparatos de coerción non puideron impedir en moitos anos que a liña de costa perdese o seu carácter de territorio de todos que fai as veces de intermediario do mar e non de deturpador do seu límite natural. Difícilmente poderá realizar agora a Lei de Costas o carácter progresista que a inspira se a súa aplicación non comeza con ese

conceito de ordeación do territorio que noutros sitios chaman planificación da paisaxe e consiste en defender certos usos tradicionais da costa, en particular cando representan un valor de referencia. Para defender estes dous valores de uso comun e legado histórico compre inventariar, valorar e defender a liña de costa por medio dunha clasificación en áreas unitarias que só nós podemos discernir.


Hoxe a liña de costa é fráxil porque non está considerada coma patrimonio natural e cultural e porque non se valoro politicamente o papel que cumpre no benestar do país. O primeiro paso para conseguirmos para estes conceptos un prestixio universal por riba do oportunismo e a demagogía desenrolista, pode ser precisamente esta elaboración inventarial coa necesaria campaña de divulgación que debería complementala. □



Emprazamentos industriais (Vilaxoán)




Agresión estética (Baroña)



Vertidos urbanos (A Coruña)



Presión urbanística (Caión)



Trazado de infraestruturas (As Xubias)



Obras de defensa da costa (Orzán)

ARQUIVO ANT

Vinte agresións diferentes sobre a beiramar

Unha análise da problemática que padece a franxa marítimo terrestre da Galiza revélanos até 21 diferentes tipos de problemas e conflitos, algúns deles lamentábelmente irreversíbeis, outros non. A análise da situación actual xunto coa aparición dunha nova normativa, moito máis rigorosa que a precedente poden contribuir a que mellore a situación.

Presión urbanística de orixe netamente urbana

O crecemento urbanístico de vilas e cidades tense dirixido correntemente cara os sectores territoriais circundantes máis atractivos. Loxicamente estes sectores nas poboacións costeiras xiran arredor da beiramar.

A explosión urbanística da década dos sesenta —que tivo meirande importancia na Galiza costeira— provocou o incumprimento xeralizado da xa de por si "xenerosa" Lei de Costas de 1969.

Presión urbanística de orixe turística

Os atractivos turísticos de certos tramos costeiros —ben por motivos climáticos, paisaxísticos ou monumentais— ten conlevado paradoxicamente, en moitos casos a súa destrución pola conxestión e especulación que eses mesmos motivos indu-

ciron. Panxón, Sanxenxo, Cambados, A Guarda, Malpica, Vilanova ou Caión son bons exemplos desta situación.

Emprazamentos industriais

O emprazamento de indústrias na franxa costeira sen respeitar as servidumes legais ten producido importantes alteracións puntuais. Son frecuentes nas nosas rias as fábricas de conservas ou os estaleiros, máis ou menos agresivos.

A escasa industrialización da Galiza ten preservado deste tipo de impactos ás costas do país máis que algunhas das poucas grandes indústrias estexan tristemente relacionadas co litoral: Celulosas de Pontevedra, Astano (Fene), Alúmina-Aluminio (San Cibrán) ou Petroliber (A Coruña).

Emprazamento de instalacións pesqueiras

O emprazamento de instalacións destinadas ao cultivo, extracción ou depuración de marisco en moitos casos é responsable de alteracións visuais importantes.

Como exemplo válido podemos citar as cetáreas de A Coruña capital (San Roque e Torre de Hércules) ou a que foi paralisada pola Xefatura de Costas en Camariñas recentemente.

Emprazamento de instalacións deportivas

Dentro deste tipo de agresións podemos englobar as producidas por aquelas instalacións de fin recreativo-deportivo. Trátase polo xeral de construcións venciadas a unha piscina ou a un establecemento hosteleiro.

Este tipo de agresións é dramaticamente significativo na cidade de A Coruña xa desde á década dos cincuenta cando a construción do Complexo "Hotel Finisterre-La Solana" ia supor, por concesión estatal, a desaparición da praia do Parrote. Outras sociedades —O Clube do Mar, Sislar— teñen construído complexos cuxa notoría e abusiva agresividade ten provocado non poucos conflitos.

Paseos marítimos

Frecuentemente a realización de paseos marítimos promovidos por corporacións pouco sensibilizadas ou profesionais de baixa capacidade ten provocado a perda irreparable de tramos costeiros de interese. Exemplos deste tipo de impactos temos nos "embaldosados" de Samil, no paseo Sada-Gandario (afortunadamente aínda en maqueta) ou no chamado "Proyecto Bofill" para A Coruña.

Urbanización de praias

O amoblamento de praias, práctica moi habitual no Mediterráneo, pode ser un elemento tan

atractivo como agresivo. Afortunadamente o impeto do Atlántico consegue escachar a meirande parte das obras humanas que se inxertan nas praias (chiringuitos, aseos, barbacoas, bancos, papeleiras, etc.)

Barreiras artificiais que interceptan os movementos das áreas

Grandes obras non naturais (diques, peiraos, escolleiras, aliviaderos, emisários submarinos, etc.) poden, de proxectarse indebidamente, provocar alteracións nos movementos naturais das áreas ao alterar as correntes mariñas. Estas alteracións poden acadar dimensións realmente importantes provocando entón grandes transformacións no medio. Velai o caso da Cuncha de Vilagarcía, onde o mal emprazamento dalguns diques está a provocar a erosión da praia de Compostela e o colmatado do porto (que necesita constantes dragados).

Emprazamento de construcións que impeden a oscilación natural das praias.

Vivendas, chiringuitos, muros de cerre de propiedades e outras obras menores sobre as praias alteran os seus movementos naturais que orixinados polas marés e a ondaxe do mar garanten a rexeneración do areal e a súa

aireación.

Destrucción de campos de dunas

Diversas excusas poden xustificar o estrago de calquer campo de dunas: desde a xa clásica e rendábel extracción de áridos (Baldaio, Balares), a construción de paseos marítimos (Panxón), a construción de Urbanizacións (Praia Ladeira), a construción de equipamentos (Coléxio de Laxe) até singularidades como a conversión en circuito hípico (Corrubedo) ou mesmo a construción, dun aeródromo (A Lanzada).

Extracción abusiva de áreas e gravas

A área, material imprescindible para a elaboración do formigón, ten un alto valor comercial. A súa extracción abusiva (fácil de comprender dado o seu prezo) e mesmo a non extracción absoluta poden provocar alteracións no fluxo de áridos que afluen ás rias (cada vez en meirande cantidade por mor dos procesos erosivos consecuencia dos incendios forestais).

O equilibrio entre extracción e non extracción é un tema non resolto en Galiza.

Trazado de grandes infraestruturas

O trazado de infraestruturas pola zona marítimo-terrestre re-

sulta máis económico que calquer outro trazado xa que por tratarse estes duns terreos de titularidade pública non precisan expropiación nen compra algunha.

Cando os impactos ecolóxico-ambientais non son considerados prioritarios adóitase a tender por estas zonas liñas férreas, autovías ou mesmo autoestradas. Boa parte dos accesos a Pontevedra capital foron ou están sendo trazados así.

Obras de defensa da costa

A realización deste tipo de obra —para frenar a acción erosiva natural do mar— supón, mesmo conceptualmente, unha agresión á costa. As praias de Santa Cristina (Oleiros) e Orzán (A Coruña) sofren excelentes exemplos de ataques con obras de "defensa" do litoral.

Vertidos sólidos e líquidos de orixe urbana e industrial

Aquí podemos incluír os orixinaos polo tráfico marítimo (limpeza de tanques, accidentes, etc.) ademais dos vertidos producidos en terra.

Realización de recheos

Detrás do recheo hai múltiples motivos: Concellos que necesitan solo público, particulares que desexan agrandar propiedades, vertedeiros máis ou menos controlados, etc., etc. Debaxo do recheo está frecuentemente unha mariña, unha xunqueira ou esteiro.

A realización deste tipo de obras ven de lonxe (recheos en A Coruña, Vigo e Vilagarcía no século XIX para expandir a cidade en novo solo, recheos en Betanzos a principios de século para construír a Estación do Tren, etc.)

Historicamente está comprobado que os fins de pública utilidade que orixinaron a súa realización terminaron perdéndose.

Os recheos continúan a facerse con esa boa intención inicial: Noia, Muros, Cee, Sada, Vilagarcía, etc..

Privatización de zonas de dominio público marítimo-terrestre mediante transformación camuflada de antigas concesións administrativas,

Apropiación destas zonas de dominio público sen pre-existir nengun tipo de concesión prévia,

Usurpación dos tradicionais camiños de mariñeiros e Agresións estéticas

A falta xeral de ordenanzas estéticas e a dificultade que supón a súa esixencia en control en núcleos declarados "Conxunto Histórico" ou en "Paisaxes Pintorescas" oficialmente protexidas é hoxe por hoxe unha das agresións máis importantes que padece a costa.

Povos inteiros (Portonovo, Caión, Malpica, Fisterra, Bares, O Vicedo, etc.) outrora exemplo de extrema beleza e harmonía son agora anónimos conxuntos dominados pola fealdade do formigón, o fibrocemento e as rechamantes fachadas alicatadas ao xeito dos cuartos de baño.

Igualmente pasaxes naturais intactas até hai poucos anos están sendo destruídas esteticamente para beneficio duns poucos (Baroña, Cabo Vilano, etc.)



A NOSA TERRA

'Derrubaranse as construcións que invadan terreos de dominio público'

Eduardo Toba

Responsábel da Demarcación de Costas

Cal é o estado actual da costa galega, antes da aplicación da nova Lei de de Costa?

Actualmente os aproximadamente dous mil quilómetros de costa galega están alterados por algun tipo de presión artificial. Esta é unha porcentaxe certamente preocupante. A nova Lei de Costas nasce sumamente proteccionista diante destes fenómenos.

A Lei de Costas é unha lei de ámbito estatal. Están suficientemente recollidas nela as particularidades das nosas costas? Por exemplo: rias, esteiros, mariñas, dunas, cantís, etc.

Hai xente que pensa que se debía facer unha lei particular de ámbito galego. No momento actual eu podo asegurar que todas as particularidades das nosas costas, que eu como muxián coñezo perfectamente, están sobradamente resgardadas coa lei de costas vixente desde o pasado 29 de Xullo.

Galiza, que en boa parte vive do mar, vai ter un trato especial, case preferente. Así por exemplo na franxa de protección —de 100 metros de ancho desde a beiramar— só van poder ser edificadas (fóra dos núcleos urbanos) construcións relacionadas directamente coa explotación dos recursos mariños.

Esta posibilidade beneficia moito á Galiza. Con que medios conta a Demarcación de Costas para atender aos 1919 Km. de costa?

A nosa infraestrutura é aínda pequena. Temos vixilantes na provincia de Lugo, 9 na Coruña e outros 9 na de Pontevedra. Paliámos a escasez propia grazas ás axudas das Policias Municipais e ás das patrullas da Garda Civil, que canalizan a través dos Governos Civís as pertinentes denuncias.

Agora, cada vez máis, comezamos a recibir directamente chamadas de particulares interesados en denunciar algunha irregularidade ou solicitando algun tipo de información.

Esta escasez de medios, pode chegar a frear o desenvolvemento da Lei? Falemos por exemplo das edificacións ilegais construídas en zona de dominio público e que agora son declaradas oficialmente "Fóra de Ordenación" Chegarán realmente a derrubarse?

Derrubaranse aquelas construcións que invadindo terreos de dominio público sexan ilegais ou teñan aberto expediente de ilegalidade. En calquer caso os gastos de derrube e restauración das

cousas ao seu estado natural correrán por conta dos infractores.

Na Galiza este problema dáse con maior intensidade nas inmediacións de certas praias. En calquer caso as normas urbanísticas complementarán á Lei de Costas establecendo solucións de tipo urbanístico.

Boa parte das maiores agresións observábeis nas costas orixináronse desde o 26 de Abril a hoxe. Quer dicir, coincidentes co período de vixencia da anterior Lei de Costas. Servirá para o mesmo esta nova Lei?

Non. A nova lei establece uns mecanismos sancionadores moi claros. A súa rotundidade será sen dúbida un importante mecanismo disuasor. No tempo de vixencia da anterior lei o atraso en materia urbanística na Galiza era moi grande. Tan só na Coruña había unhas normas provinciais.

Hoxe a normativa urbanística está máis estendida e a disciplina urbanística máis asumida por todos. Hoxe a nengun alcalde se lle ocorrería outorgar unha licenza para construír nunha zona non edificábel porque sería perfectamente consciente que estaría a prevaricar.

'A ESPECULACIÓN IMOBILIÁRIA PRIMA HOXE SOBRE CALQUER PREOCUPACIÓN DE TIPO ESTÉTICO'

Surprende toparse ao propio Estado como infractor. Por exemplo en Pontevedra onde para construír infraestrutura viaria óptase por invadir terreos de dominio público marítimo-terrestre. Esta sorpresa é maior se simultaneamente se sanciona fortemente (10 millóns de pesetas demulta) a un Concello (Noia) por realizar recheos na ría.

O Estado para facer obras públicas, quer dicir, de interese público, pode invadir terreos de titularidade pública. Tan só se lle esixe que sexa respetuoso co ben público. O estado procura actuar sempre conforme a legalidade. A min persoalmente a Ponte de Rande non me gusta por canto supón de elemento artificial introducido na ría de Vigo. Mais superior a calquer gosto hai unhas necesidades xerais, a de salvar o estreito de Rande, que hai que satisfacer.

A respecto do tema de Noia, que está de actualidade, gustaría-me precisar que non se paralizan

os recheos en si mesmos. Penalízase o incumprimento dunha serie de ordes de paralización.

A Xunta da Galiza, segundo o artigo 27 do seu Estatuto de Autonomía ten competencias plenas na ordenación do territorio e do litoral. Tamén os Concellos teñen certas competencias sobre o litoral. Aparece agora unha lei de ámbito estatal, non se produce unha excesiva acumulación de competencias?

Non hai incompatibilidade. A costa é un ben público, é un dominio de interese xeral. O Estado é o encargado de tutelar o seu uso racional, a súa defensa, etc.

Outro tipo de administracións teñen competencias subrogadas polo Estado sobre a costa. Temos entón unha concorrencia de competencias. Non hai incompatibilidades.

Unha das prescricións que mais rebumbio ten provocado é a servidume de 100 metros, a partir da liña de costa, onde será imposible edificar agás en certos casos. Non impedirá esta ordenanza a aparición de núcleos ou edificacións de valor arquitectónico-paisaxístico vencellados á costa (como por exemplo Combarro)? Este tipo de asentamentos urbanísticos no actual estado de cousas non se ian producir. Actualmente a especulación imobiliaria prima sobre calquer preocupación de tipo estético. Non dubido que haxa verdadeiros profesionais que pudesen facer cousas valiosas mais o que tamén é certo é que estes son unha minoría exígua.

Combarro é un exemplo, que perdura, dunha época na que os homes utilizaban o meio con moito agarimo e non menos intelixencia.

Cando empezarán a notarse os efectos da lei?

A medio prazo nunha progresiva recualificación das nosas áreas costeiras.

Están programados fortes investimentos en materia de rexeneración de praias —axiña comezarán as obras nas coruñesas Riazor-Orzán— en núcleos de moita povoación ou en puntos moi alterados.

Estase a iniciar un exaustivo peiteado da costa incoando expedientes sancionadores ali onde topemos unha infracción. Quero invitar desde aquí aos cidadáns a que colaboren connosco neste labor. Para iso teñen os nosos teléfonos onde, incluso anonimamente se o desexan, poden efectuar calquer tipo de denuncia. □



Moaña dividida pola guerra dos aterramentos

A presión das industrias da pesca que reclaman espazo operacional sobre a praia urbana, a privatización de áreas tradicionais e servizos do porto e os aterramentos ilegais tolerados polo Concello, mobilizaron en Moaña a pescadores de baixura, viciños e bateiros en defensa da beiramar comun. A súa iniciativa conseguiu paralisar os aterramentos en marcha despois dun sonado pleno municipal.

Na vila está a se definir unha situación de enfrontamento sobre a conservación da liña de costa. Dunha parte, a Comisión de Veciños en Defensa do Con, os mariñeiros dos oficios baixos, bateiros e usuários do porto. Reclaman o carácter público histórico da beiramar urbana, derradeiro espazo comun de recreo que un urbanismo selvaxe lle foi deixar á vila; protestan pola privatización da rampla do Con e aseguran que tanto os aterramentos coma a ampliación do peirao de abrigo impedirán en pouco tempo ao vecindario o uso e disfrute da beiramar. Non se negan á instalación de industrias relacionadas coa pesca pero queren que se instalen no lugar previsto polas normas urbanísticas.

Noutro lado, os armadores. Queren ampliar o peirao da Mosqueira e instalar ali un frigorífico, aterrar a liña de costa até a Rampla do Con e ampliar o dique de abrigo. Argumentan necesidade de espazo e a de aproveitar a oportunidade histórica de completar a industrialización e modernización do porto pesqueiro.

O vecindario denuncia a concesión ilegal de terreos de dominio público aos armadores pola Comisión de Goberno do Concello nunha semi-clandestina sesión de Agosto. Agora conseguiron parar as obras e poder discutir publicamente o seu alcance mentres se abren camiño os argumentos desenrolistas que piden a creación de postos de traballo e a modernización de servizos portuarios. A presión sobre os asalariados dependentes da industria da pesca é grande. Alguns mariñeiros que faenan no Banco Sahariano piden a familiares seus que non se identifiquen coa Comisión de Veciños, por consello dos seus armadores.

Desde esta parte do conflito prúcúrase ridiculizar a defensa da praia como un capricho reaccionario e anacrónico. A Comisión de Veciños recórdalles que está a favor da industrialización pero sempre que se faga na zona do Cocho e non no derradeiro recanto público da vila. "E se nos din que non chega— aseguran nun escrito— iremos todos xuntos a pedir chan industrial a onde haxa que ir pedilo. Nós a cabeza"

□

GALIZA E MUNDO

- En Fene protestan pola inseguridade vial (páx.6)
- Na Universidade non queren nacionalistas (páx. 7)
- As últimas eleccións na Fráncia (páx.13)
- O carácter político da pobreza (pax. 13)
- Dias antes do reafendo de Chile (páx. 13)

ELEIÇÕES EUROPEAS

O PSG-EG o primeiro en mostrarse contrário

A proposta de formar unha coalición electoral crea un amplo debate político

A proposta realizada polo Bloque Nacionalista Galego de estudar a concorrência electoral conxunta dos partidos de ámbito galego ás eleccións europeas está a desatar un forte debate na sociedade galega. A iniciativa foi apoiada por Independentes de Lugo e rechazada polo PSG-EG e por Centristas de Ourense.

O chamamento realizado polo Bloque Nacionalista Galego aos partidos de ámbito galego con vistas a negociar unha candidatura conxunta para as próximas eleccións europeas serviu para que o panorama político galego entrase a discutir non só a posibilidade electoral proposta, senón a necesidade de forzas políticas propias.

Foi Vicente Quiroga, alcalde de Lugo, e líder dos Independentes lugueses, quen primeiro se apresurou a declarar que sería moi positivo para Galiza artellar unha fronte entre os diversos partidos para a "defensa dos intereses económicos, sociais e políticos, representados por xentes que non esteñan mediatizadas por partidos ou organizacións que reciben as súas directrices desde Madrid".

A rápida resposta de Vicente Quiroga, que días despois faría tamén un chamamento para que CG, PNG e PG, se unisen cara as eleccións autonómicas como única maneira de frenar a Manoel Fraga, serviu en algúns medios para procurar desprestigiar a proposta realizada polo BNG, amparándose no pasado político de Vicente Quiroga.

Pola súa banda Victorino Nuñez, líder de Centristas de Ourense, que mantén estreitos pactos con AP, considerou tamén positiva a proposta, aínda que rexeitou a alianza "polo carácter marxista do BNG".

Sen explicación a desaparición de Sanmartín durante catro días As JUGAS celebrarán o seu congreso en Novembro

As Juntas Galegas pola Amnistía celebrarán a súa asemblea constituinte o próximo mes de Novembro, segundo sinalou a A NOSA TERRA un dos seus portavoces.

As JUGAS están formadas por familiares e amigos dos presos políticos galegos, facendo a súa aparición o pasado mes de Maio "para dar resposta á represión que estaba a sufrir nese momento o movemento independentista". A súa finalidade máis concreta é a de prestar asistencia aos presos, así como loitar pola súa posta en liberdade; como obxectivo inmediato esixen o recoñecemento do dereito a ser trasladados a Galiza.

Os seus representantes definen este movemento como "asambleario, nacionalista e in-



Coalición Galega, máis o lema do seu congreso, aínda non se pronunciou sobre a proposta do BNG.

A opinión do PSG-EG

O PSG-EG foi o primeiro partido en rechazar totalmente a proposta ao considerar como prioritario "o fortalecemento do partido como alternativa de goberno a PSOE e AP, antes que a unión electoral con forzas de dereita"; aínda que manifestan que sempre consideraron como "moi positiva a existencia de forzas democráticas nacionalistas de centro ou de dereita", deixando tamén claro que "non lle corresponde a este partido potenciar a dereita".

O PSG-EG, que ten realizado propostas para conseguir un "governo de progreso na Galiza", considera absurdo "coincidir electoralmente con partidos como CG, que apoian hoxe a negativa e discriminatória política do PSOE dentro do goberno galego".

Finalmente o PSG-EG vultou realizar un novo chamamento ao BNG para que "reflexione sobre a idea de crear un partido democrático socialista e nacionalista", o que levou a X. M. Beiras a preguntarlles se o que querían era

un partido único.

Quen non se pronunciou sobre a alianza coxuntural cara Europa, que algúns queren apresentationa como algo persoal de X. M. Beiras, e tirárlle contido político, foron PNG, CG, e PG, mantendo os dous primeiros contactos co EA e PNV, respectivamente.

Tampouco a Frente Popular Galega manifestou nada a este respecto, comenzando a discutir no mes de Novembro o seu apoio a HB.

A.E.

dependente de organizacións políticas"

Visita aos presos de Alcalá-Meco

O pasado 24 de Setembro e organizado polas JUGAS, dous autobuses, procedentes de Ferrol-Santiago e Vigo, dirixíronse a capital de España co obxectivo de mostrar a súa axuda e solidariedade aos presos recluídos na prisión de Alcalá-Meco. A visita foi interrompida en Alcalá por forzas da policía que inmovilizou os autobuses e impediu baixar aos seus ocupantes. No transcurso da actuación policial foron incautados dossiers, pancartas e bandeiras. Posteriormente os autobuses dirixíronse a Carabanchel onde forzas da policía levaron a

cabo un novo cacheo dos ocupantes. Representantes das JUGAS anunciaron a súa intención de interpoñer denuncia contra a policía pola detención de que foron obxecto e solicitando a devolución do material incautado.

Sanmartín Bouza estivo catro días en paradeiro descoñecido

José Sanmartín Bouza, militante, acusado de pertencer ao EGPGC, e recluído até agora na cadea luguesa de Bonxé, estivo catro días en paradeiro descoñecido, o que provocou a inquietude dos seus avogados e familiares. As JUGAS trataron de poñer de contado todos os medios para coñecer a situación de Sanmar-

tin que teoricamente fora trasladado a Alcalá-Meco, sen que neste lugar se coñecese o seu paradeiro. Sucesos ocorridos en circunstancias similares suscitaron a preocupación entre os seus achegados.

Por fin, na tarde do martes 27, Sanmartín ingresou na prisión de Alcalá-Meco, cando xa a súa avogada, Begoña Lalana, se dispoñía a presentar denuncia pola desaparición. As autoridades penitenciarias foron incapaces de aclarar, até hoxe, cal fora o paradeiro do preso durante eses catro días.

As JUGAS seguen a denunciar, por outra parte, a desatención sanitaria na que se encontra Antón Arias, aqueixado de múltiples lesións, algunhas delas irreversíbeis.

■ O Parlamento Galego aprobou o proxecto de reforma da lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, introducindo a posibilidade de que o Executivo (desde a próxima lexislatura) poda disolver a cámara; establecendo, ademais, un status oficial para os ex-presidentes da Xunta que terán un retiro millonario e trato de *excelentísimo*. Votaron a favor deste proxecto os grupos que apoian ao goberno, abstívose o grupo popular que pretendía que a facultade de convocar novas eleccións xa rexera na lexislatura en curso, e votaron en contra o PSG-EG, que se opuña á remuneración económica dos ex-presidentes e o trato preferente para os demais ex-membros do goberno, esixindo tamén que a disolución do parlamento levase emparellada a data de convocatoria das seguintes eleccións; e do BNG, por considerar que esta lei é un instrumento nas mans do PSOE e AP para atenuar o avance das forzas populares, significando, de feito, a supremacía do Executivo sobre o Lexislativo. □

■ Lois Pena, alcalde de Cangas, foi perseguido e increpado por un numeroso grupo de viciños polas ruas da vila.

Os incidentes comezaron no mesmo salón de sesións con insultos do público cando os concelleiros do PSOE votaron en contra da moción presentada pola oposición contra a suba de contribucións. Logo o alcalde e os seus concelleiros celebrarian o pleno ordinario pechados nunha habitación do concello. Despois de producirse un altercado nun quiosque coa muller dun tenente de alcalde, presa dunha crise nervosa, e a chegada do alcalde e os edís socialistas, comezaron os insultos. Como Lois Pena se enfrentase aos manifestantes, estes comezaron a increpalo, tendo que escapar polas ruas canguesas protexido pola policía municipal. □

■ O BNG levará a cabo accións xudiciais para conseguir que o actual alcalde de Carnota, Ramón Noceda, convoque o pleno de moción de censura, xa que está a seguir os pasos de destituído alcalde de Boiro, Velo Velo, e afirma que non atenderá o requerimento da maioría dos concelleiros e dará "batalla política".

Pola súa banda o PCLN afirma nun comunicado remitido a A NOSA TERRA que o BNG xa quería impedir que tomase posesión, considerando que esta moción de censura é un castigo por ter apoiado a HB, ao tempo que critica a política de pactos do BNG con "un cacique" e, aínda que desaproba a xestión do actual alcalde, afirma que noutros lugares ocorre algo parecido "e non pasa nada".

Pola súa banda o PSOE de Carnota tamén sacou outro comunicado no que apoiaba a Ramón Noceda, afirmando que a xestión que estaba a realizar agora, co seu apoio, era positiva, ao tempo que enumeraba algunhas realizacións conseguidas co apoio da Consellería de Ordenación do Territorio. □

FERROL-TERRA

Baixo o lema "Non máis mortes" iniciouse unha campaña pola seguridade vial

Estradas en Fene, dirección á morte

Resulta chocante que nunha comunidade onde paso a paso se está conquistando unha mellora da calidade de vida, non se teña sequer a capacidade do máis elemental: conserva-la. Todos os esforzos por dotar de innumerábeis servizos aos veciños, xa materiais xa formativos, tórnanse de súpeto secundarios ante o ben máis querido, a vida. Alguén contoume o outro día durante o enterro de Vanesa que soñara con que toda Ferrolterra se convertía nun deserto deixado da man de Deus. De seguro deitárase despois de contemplar a ponte grua de Astano ou a silueta de Vanesa pintada a tiza na beira da estrada despois da súa morte.

Os veciños de Fene e o goberno municipal teñen claro, así o ven demostrando coas mobilizacións, que non cren en maos augúrios nen no mal de ollo e están dispostos a rematar coa "má racha" de accidentes, algúns mortais e moitos máis que non acadaron o adxectivo de tráficos. A campaña de sensibilización comezou a iniciativa do goberno local hai xa varios meses, a raíz do accidente ocorrido a primavera pasada no Penedo (Barallobre) no que resultaron mortos dous amigos a un tempo, cando se atopaban á porta dun bar e se lles botou enriba un coche. Un mes máis tarde morría baixo as rodas dun camión o propietario dese mesmo establecemento. Daquela as xestións levadas a cabo por unha comisión de veciños do lugar e os representantes municipais, coa Xunta da Galiza, deran como resultado que uns técnicos do Ente autónomo se trasladasen a Fene e viran "in situ" a casa das mortes, achacadas indiscutiblemente ao mal estado da estrada.

A morte de Vanesa Paz, de 9 anos, o 19 de Setembro, e a da súa avoa un mes antes, o 20 de Agosto no mesmo lugar, desata-ron as iras dos habitantes deste concello que non están dispostos a esperar máis tempo por promesas e vontades. O goberno municipal do BNG iniciara antes da traxedia unha campaña de sensibilización e de información que consistiu na celebración de assembleas de veciños en cada unha das oito parroquias. Unha semana antes do último accidente comezaron as accións de protesta que consistiron en cortes de tráfico no Rego da Moa e no Penedo, lugares máis afectados pola inseguridade vial. Desde aquela non cesaron as protestas, incrementándose o número de participantes. As respostas por



parte das diferentes Administracións, galega e central, non se coñecen á hora de escribir esta información.

"O famoso progreso estase orientando cara a Europa sen pasar por Fene" afirmou Galdo Fonte, concelleiro de Urbanismo de Fene, ao ser consultado sobre as necesidades a cubrir neste terreo. O primeiro aspecto a ter en conta é a ubicación de Fene dentro do marco espacial da Ria. Galdo Fonte resumiu en tres aspectos: Fene é un istmo natural da península de Montefaro, tendo que soportar o tránsito dos seus 12.000 habitantes; está atravesado de N a S pola N.VI como acceso principal a Ferrol e ao tempo é o punto de arranque cara As Pontes e Lugo. O resultado é que entre a N.VI e a estrada Ferrol-Mugardos, ten que soportar unha sobrecarga do tránsito en 30 Km. que atravesan a columna vertebral do término municipal.

É evidente que os accidentes non son causa de agora, aínda que o aumento da circulación e do número de automóbeis fai que estes se multipliquen nos últimos tempos. O problema viase vir dende a primeira lexislatura democrática. Calquera que se achegue a Fene pode comprobar que é un concello amantado desde os anos 60 por Astano, que cuadruplicou o número de habitantes de 4.000 a 16.000 froito da inmigración de xentes que viñeron traballar ao estaleiro e que se asentaron a carón das vías principais. O crecemento polo tanto deuse completamente vinculado á estrada.

Ao empezar a andar a segunda lexislatura democrática, no 83, aprobouse o "Plan de Travesías" vixente hoxe. Según Galdo Fonte, a Deputación Provincial foi o único organismo que prestou atención, iniciando a primeira fase de estrada Perlio-Lavandeira e adquirindo o compromiso de afrontar a segunda fase da Armada en Maniños e a de Barallobre. Os puntos negros da negociación sitúanse polo tanto nas estradas que dependen da Con-

sellaria de Ordenación do Territorio, rexida actualmente por Antolín Sánchez Presedo, e a do MOPU. A acción nas primeiras centrábase nos tres puntos máis perigosos: A Palma, ao seu paso por Perlio, Barallobre e Maniños; Limodre, e a estrada de acceso a Neda. Na N.VI, a acción céntrase na entrada do casco urbano e no punto fatídico do Rego da Moa.

A construción de aceras e vallas protectoras para os peatóns, así como todo tipo de artilluxios que obriguen a moderar a velocidade aos vehículos, ademais da remodelación do trazado dalgún tramo defectuoso (caso do peralado do Penedo) son as reivindicacións máis importantes que se fan ás dúas administracións, das que de momento se conseguiu o desdoblamento da N.VI desde o cruce de Fene até a entrada de Astano, cuxas obras parece que por fin se iniciarán na segunda quincena de Outubro para o que está contratada polo MOPU a empresa AUXINI.

Outro logro da presión municipal foi a supresión dun tramo do carril lento á saída de Fene en dirección á Coruña, onde foron instaladas provisoriamente as polémicas e mastodónticas xardiñeiras cuxo fin non é outro que resgardar a integridade física dos párvulos do centro Curros Enriquez e impedir as grandes velocidades que alcanzaban os vehículos aínda dentro do casco urbano. As xardiñeiras agardan agora nada máis que a intervención do MOPU coa instalación de aceras, para ser derribadas.

Finalmente dicir que todos os habitantes de Fene seguen soñando co desvío da N.VI mediante unha autovía de acceso a Ferrol que desconxestione o casco urbano. Como son xenerosos, dan unha marxe máis longa de tempo para acometer esta obra. O que non perdonarán nunca, nen ao goberno central nen ao autonómico, son as mortes, por desgracia, xa inevitábeis.

X.M.ARIAS/FENE

A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Unhas preguntas percorren estes días Galiza: quén son os da "Asociación Galega pro Defensa del Idioma", a quén representan?, cal é a súa ideoloxía?. As respostas foron moitas veces máis apaixonadas que

feitas con coñecemento de causa. Os de AGLI non son os representantes nen do coruñesismo recalitante, aínda que tamén hai membros, nen da dereita tramontana, senón do pensamento oficial do PSOE.

A maioría dos seus sócios son votantes do PSOE

AGLI: 'O castellano está discriminado'

González Dopeso incluíra no seu programa electoral como candidato á alcaldía de A Coruña un punto no que figuraba a "Defensa do idioma cervantino diante do acoso que sofre na Galiza"; Francisco Vazquez, membro destacado do PSOE, e alcalde da capital herculina, afirmaba que prefería que os seus fillos aprendesen inglés a galego, algo que compartía o tamén socialista e actual presidente da Xunta, Fernando González Laxe; as APAS dos coléxios privados de A Coruña, presididas por Xosé Gomez Santos, desataban unha campaña contra o decreto da Xunta no que se regulaba que dúas asignaturas da área de sociais se darían en galego; o PSOE de Galiza aprobaba un documento onde se defendía o "bilingüismo equilibrado"; en Febreiro, nos diarios coruñeses aparecían anuncios, sen firma, contra a "portugalización de Galicia", que estaban financiados por un médico afiliado a UGT; o Tribunal Constitucional, a requirimento do goberno do PSOE decretaria a ilegalidade dalgún punto do decreto de regulación do idioma; os galegos respondían cunha gran manifestación en Compostela que non foi apoiada por un PSOE tremendamente belixerante.

Nestas coordenadas foi cando naceu a "Asociación Galega para la Libertad del Idioma".

O día 18 de Decembro de 1987 unha denominada "Asociación por la Libertad del Idioma en la Enseñanza" organiza un debate no Centro Fonseca de A Coruña no que participan González Dopeso, dous directores de coléxios e o debuxante

Siro López. Actuaría como moderador Xosé Gómez Santos, Presidente da Federación Provincial de APAS de Coléxios Privados. Este noiés, que preside hoxe o Club de Tenis de A Coruña, tería un papel fundamental no nacemento de AGLI, asociación que se dá a coñecer no mes de Maio de 1988 ao reclamar rútolos en español en tres centros sanitarios coruñeses porque "os castellano falantes tamén temos dereito a ser informados" decían nos seus escritos, ao mesmo tempo que denunciaban a "discriminación" que supoñía que no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra se fixese un desconto do 50 por cento aos anuncios redactados en galego.

O día 6 de Setembro pasado quedaba formalmente constituída AGLI, sendo elixido presidente Roberto Rey, segredario Eduardo López-Jamar, tesoureira Elisa Peña María e como vogais Severino Durán, Juan Seigret Moinelo e Nazaret Mondelo, asistindo á assemblea medio cento de persoas dos 200 asociados e 800 simpatizantes que afirman ter. AGLI quedaria inscrita no Rexisto Nacional de Asociacións co número 80.224, e os seus sócios cotizarán 2.000 pesetas anuais.

Campaña de implantación a cargo das APAS

Foron as APAS dos coléxios privados de A Coruña as encargadas de espallar boletíns para asociarse a AGLI, ao tempo que facían unha chamamento, adxuntando os estatutos da Asociación Galega para la Libertad

OS PROTOTIPOS

A.E.

Roberto Rey Serrallé, Presidente de AGLI, pode ser o prototipo do integrante desta asociación. Home que fala perfectamente o galego, doblador de películas nesta idioma para a nosa TV, actor, Xefe de Transmisións da Cruz Roxa, empregado de banca, militante de esquerda nos seus anos mozos, membro da Coordinadora Nudista... non se pode dicir que sexa un fascista nen un home de dereitas.

Pero tamén podían servir de indicador outras persoas como o doctor Puga Mazaira, médico pertencente a UGT, ou a Esperanza Guisán, profesora de compostelán, que o 10 de Decembro escribía un artigo en "La Voz de Galicia" titulado "Amar a Galicia en Castellano", e que participou nas eleccións sindicais formando parte da candidatura de UGT.

Hai tamén persoas, como Juan Seigret vinculadas a "Amigos de La Coruña", e outros simpatizantes de González Dopeso, pero o que sería a "liña dura", vinculada estreitamente ás APAS, á que podía representar Gómez Santos, deu paso a persoas cunha imaxe máis aperturista que mitiga a marca de *direristas antigalegos*. □

CHAME AO
TLF. (986) 43 36 24
E SOLICITE
AS NOSAS TARIFAS
PUBLICITARIAS

A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL



fotografía de cor

tenda .material fotográfico
estudo .reproduccións
diapositivas de textos
revelaxe .cibachrome

r./coruña 19baixo telf.986 / 233105 vigo



Roberto rey, á esquerda, Presidente de AGLI e Juan Seigret, vogal

del Idioma.

Na carta-chamamento afirma-se que a asociación nace coa idea de "unir esforzos da xente preocupada pola imposición lingüística que se está a dar na Galiza", facendo fincapé especial na discriminación que supón a obrigatoriedade de impartir varias asignaturas en galego e afirmando que a Xunta ten previsto ampliar o número destas asignaturas para o próximo curso.

Nos fins estatutarios de AGLI aparece unha pretendida asépsia fronte á utilización dos idiomas

(defensa do dereito a utilizar calquera das dúas linguas; dereito a elixir calquera dos dous idiomas para o ensino; denunciar calquera discriminación por razón do idioma...) só que parten dun pre-suposto falso: que o español está a ser discriminado.

Con este postulado por bandeira constitúen AGLI como "forma de defenderse dun certo atropello dos castelán falantes, disolvéndose cando haxa unha opción voluntaria, cando se "respeite a vontade de falar en galego ou en español, porque queremos a Galiza sinceramente e estamos dispostos a loitar contra a

dictadura" (a dictadura do galego), en palabras de Roberto Rey, presidente de AGLI.

A maioría dos sócios son votantes do PSOE

Segundo Roberto Rey e Juan Seigret, vogal da xunta directiva, esta asociación non é un movemento de APAS, aínda que recoñecen que hai xente que ten conexión con elas e que estas actúan "como caixa de resonancia deste problema", negando tamén que teñan adscrición a ningún partido e "menos coa dereita e o fascismo", afirmando que "a

maioría dos nosos sócios son votantes do PSOE, de AP e até algúns do PNG".

A liña argumental dos responsables de AGLI durante a entrevista, presidida por un magnetófono onde recolleron as dúas horas de conversa "para que non haxa malos entendidos", é idéntica á mantida polo cronista político Carlos Luis Rodríguez, nun artigo publicado o martes 13 de Setembro en "La Voz de Galicia".

Afirman que na Galiza xa existen de feito dous bloques, un o dos galego-falantes, outro o dos

español-falantes, polo que o lóxico sería que existisen coléxios nos que se ensinara en galego, para os galegos falantes, e outros nos que se ensinara en español para os que falan este idioma. Coinciden así tamén coas APAS coruñesas, e con algunha asociación de pais que confunde a "língua materna" coa "língua social".

Móstranse sorprendidos pola reacción que tiveron as súas propostas, porque eles tamén din defender ao galego, e piden os letreiros nos dous idiomas. Perguntados se non é unha inutilidade por Ourense-Ourense afirman que hai que respetar os topónimos, pero cando se lles fala de A Coruña, din que "hai que respetar a vontade popular e se a xente de La Coruña ou Puebla, non hai porque cambiar o nome".

A súa idea de "discriminación" do español lévalles a cuestionar as medidas tendentes a apoiar ao galego. Así protestan polos premios de xornalismo, novela, teatro etc, vaian dirixidos só aos que escriben en galego; e eles, que din defender a legalidade e recurren sempre á Constitución como lexitimadora da súa postura, descoñecen sentencias como a ditada en Febreiro polo Tribunal Supremo na que se afirma que "non hai discriminación cando se busca solucionar un desequilibrio mediante o fomento da lingua máis débil".

Peden inquiritos para saber a opinión dos pais e critican aos partidos, dos que recabarán posicionamento, porque utilizan a lingua de xeito eleitoralista e acúsanos de "ter medo a ser tachados de antigaleguistas e a polarizar a opinión pública contra deles".

A. EYRÉ

VARIAS ADVERTENCIAS E UNHA RECOMENDACIÓN

FRANCISCO RODRÍGUEZ

Existe, na nosa sociedade, unha certa tendencia a atribuír afirmacións descaradamente hostís aos nosos dereitos nacionais á irracionalidade, capricho ou prexuízos de personaxes curiosos. Non representarian o sentir ou pensar real do grupo ideolóxico ao que están adscritos, especialmente se aparecen como formalmente de esquerdas. Un destes personaxes, famoso polas súas declaracións epatantes, e paifocas, é Paco Vázquez, eximio alcalde de **A Coruña**.

Non obstante, cómpre non ver, nas contundentes e agresivas afirmacións de alguén que goza do beneplácito e amparo de Alfonso Guerra, *boutades* ou estupideces que só a el abranxerian. Cando proclama que son máis importantes o inglés e a informática que o galego, á parte de que constata unha realidade obxectiva no actual panorama económico-social e ideolóxico-político, está a propoñer tamén unha adhesión subxectiva, unha alternativa promovida por toda a maquinaria do "real", isto é, do dominante, e verdadeiramente defendida polo vivente réxime político.

Non é casual que, consecuentemente e subordinadamente, o Sr. González Laxe xustifique, a posteriori, de maneira máis eufemística e subtil, as propostas, que non deslices, de tan "pintoresco" prohomo do PSOE na Galiza. Non se esqueza que el tamén foi o abandeirado na causa da introdución de bulerías sevillanas, e demais alegrías, de claro sentido españolizador, polos roteiros etílicos de pubs, clubs e outros espazos do aldeanismo e macarrería señoril nas nosas vilas. Existe, sen dúbida, unha clara intención no partido que governa desde Madrid e, sucursalmente, na Galiza, de paralizar e mesmo facer retroceder o que

considera alarmante (?) proceso galeguizador da nosa sociedade. Documento interno existe ao efecto.

Do devandito documento e das súas consignas deriva o reforzamento de condutas folclóricas e españolizadoras na RTVG, denunciado publicamente polo BNG perante a opinión pública e no Parlamento autonómico co gallo do Día das Letras Galegas do 1988. Por certo, a unanimidade na aprobación desta interpelación do BNG hai uns días na Mesa do Parlamento, non deixa de ser sintomática da hipocresía e cinismo coa que se está a xogar no terreo do idioma, como outra táctica *ad hoc*.

A chulería coa que se exteriorizan condutas "bilingüistas" polos prohombres oficiais, a promoción do hibridismo cultural (Galiza en español) en amplos campos —cine, libros, prensa, etc.—; o incumprimento consciente, organizado e sistemático da cativa lexislación favorable en materia lingüística (a toponimia, as posibilidades de ensino en galego...); a suspensión e rectificación da mesma pola denuncia ao Tribunal Constitucional (á orde da Xunta do 30 de Agosto de hai un ano)... Todo isto constitúen algúns exemplos, coincidentes co rearme ideolóxico dos impérios e a caridade económica, como a probes esquilmas, se nos ofrece desde a CEE (FEDER).

Resulta, pois, que a política compensatoria é máis fráxil que nunca perante a ventoleira e treboada de asimilismo que se apresenta pragmáticamente, como "necesidade" da modernización. No ton paternal e feblemente xesuítico que o caracteriza, o Sr. González Laxe ilumina e advertía sobre a importancia dos idiomas extranxeiros, dos grandes esta-

dos da CEE, nesta nova andaina que se nos concede e non debemos refugar fanaticamente. Máis unha vez, doutra maneira, estase a reincidir en que o galego só vale para andar por casa, e nen iso a xulgar pola teima no seu continuo acoso e derrubo que se practica desde as esferas do poder delegado no interior do territorio cunha lexislación que o declara ampulosamente como **idioma propio**.

A última expresión desta teima é AGLI (Asociación Gallega por la Libertad del Idioma) que, como a súa contundencia sonora indica, está orientada a promover dunha maior persecución e hostilidade cara o galego.

Hai tempo que sabemos, e parece-me que o lembraba hai pouco Sánchez Carrión neste semanario, que o idioma é un problema social e colectivo, non unha cuestión individual. As condutas lingüísticas nas sociedades diglósicas, canto ao uso dos idiomas en conflito, están determinadas socialmente, polo que falar de **liberdade** non deixa de ser un sen sentido. Obrar con liberdade sería, en todo caso, tronzar os mecanismos sociais, económicos, políticos e psicolóxicos que empeden a libre expresión, o espallamento, a recuperación do noso idioma colectivo, que é o galego. É precisamente a este intento ou proxecto de liberdade colectiva á que se opón a

'O IDIOMA É UN PROCESO SOCIAL E COLECTIVO (...) E É A ESE PROXECTO DE LIBERDADE COLECTIVA AO QUE AGLI SE OPÓN'

AGLI, como enxendro, en último extremo, vinculado ao partido no poder.

Que a maior parte da nosa sociedade sexa indiferente aos seus postulados, non nos dá constatación de cal é a situación real do galego e da valoración que se lle otorga, non debe levar-nos a menospreciar o seu papel ideolóxico na sociedade: facer adiantar a tese presuntamente democrática de que o galego debe ser para quen o queira, pondo así en entredito un dereito que, se non se concibe como colectivo, non pode existir. Lembremos que mitos, como o da lingua materna ou o do bilingüismo harmónico, aparentemente científicos, están tamén no arsenal da AGLI. Contra estes mitos, o nacionalismo galego, e a sociolingüística que se desenvolve no seu campo, deu combates de importancia para que sectores realmente ben intencionados, no referido á normalización do idioma, rectificasen os seus principios; desbotándo-os por falsos e mistificadores. Cómpre convencer a máis amplos sectores de que o galego ou é un vehículo útil para toda a sociedade galega ou non é nada. Hai que facer entender que a expresión do colectivo está na lingua galega; a casuística individual pode estar no español. Pero todo proceso social ten-se que apoiar en medidas políticas e administrativas, que teñan como normas os dereitos colectivos e, como casuística, transitoriamente, os individuais. A inversión destes criterios é sinxelamente a guerra contra o galego, no noso caso.

É por isto que recomendo a AGLI, en nome da veracidade e obxectividade, que pase a denominarse AEEG: *Asociación Española para o Exterminio do Galego*.

CONFLITOS NA UNIVERSIDADE

López Suevos ten que examinarse en Madrid

Concedida unha praza de galego na Facultade de Filoloxia oito días antes de realizarse o concurso de adxudicación

Dous conflitos académicos, con trasfondo político e ideolóxico, vivense na nosa Universidade. Dunha banda a concesión dunha praza na Facultade de Filoloxia na que está involucrado Francisco Rodríguez, e doutra o xa longo contencioso para a cátedra de Economía Aplicada entre Ramón López Suevos e o actual subsecretario do Ministerio de Transportes Pérez Touriño.

Semanas atrás aparecía nos taboeros de anuncios da Facultade de Filoloxia a resolución pola que se concedía a praza 1.048 de literatura galego-portuguesa a María do Carmo Rios Panisse... oito días antes de que se reunira a comisión que debía avaliar o concurso público correspondente. Expúñase tamén o horario que debía impartir a *gañadora de antemán*.

A praza irregularmente adxudicada aspiraba tamén Francisco Rodríguez quen apresentou o pasado 20 de Setembro un detallado escrito de recurso, abondando nun listado de considerandos sobre diferentes discriminacións que se produciron na concesión da praza e na avaliación dos méritos de ambos concursantes. A Comisión esta formada por Ramón Lorenzo, Ra-



Francisco Rodríguez

món Villares, Dario Villanueva, Rosário Álvarez, Anxo Tarrío e unha representante dos estudantes, aínda que algúns destes membros xustificaron a súa ausencia a algunha das tres reunións que se efectuaron, e cuxa acta final non está asinada por todos os membros.

No seu escrito Francisco Rodríguez incide sobre as "especialmente discriminatórias aplicacións do baremo no referente

aos anos de docencia (...) resulta paradoxico que un docente con 21 anos de adicación *exclusiva* ao ensino da literatura, e especificamente da galega, sexa puntuado con "0" nese apartado, mentres se concede a máxima calificación en dous apartados de docencia a unha candidata que non tivo sempre esta exclusividade nos distintos niveis en que desenvolveu o seu labor profesional". Abonda tamén na

discriminada valoración que se fai dos méritos polos traballos elaborados sobre a materia que se avalía, e que no seu caso foron puntuados cun "6" fronte ao "5" da concursante Rios Panisse que "case nada ten que presentar no relacionado coa asignatura de Literatura Galega".

Francisco Rodríguez argumenta coa exposición dun currículo extenso cunha obra pública de máis de 19 volumes entre traballos monográficos e libros "editados en plataformas tan diferentes como *Galaxia, Istmo, Grial, A Nosa Terra, Xistral, Universidade de Santiago...* 15 artigos en xornais e 8 en revistas pedagóxicas e culturais". A propia presentación da tese de doutoramento sobre Rosalía, de próxima publicación, "que unha das máximas autoridades académicas estranxeiras na materia para a Facultade de Filoloxia, Claude H. Poulain, calificou e recoñeceu publicamente que [a partir dela] tería que rectificar, moitas das súas opinións sobre o tema" serve tamén de contraste cunha puntuación a todas luces baixa.

Agora a praza queda en suspenso á espera da resolución final do recurso presentado.

López Suevos terá que examinarse en Madrid

O *affaire* da cátedra de Economía Aplicada, ao que concurren os profesores Pérez Touriño e

López Suevos, e que fora recurrido por este último ao negarse a profesora Yabar Sterling a avaliar a súa obra por estar escritos os seus traballos en galego, agora "por problemas de desprazamento e de imposibilidade entre os membros do Tribunal residentes en Madrid para desprazarse á Galiza" preséntase a esixencia de que López Suevos sexa quen váia a Madrid o vindeiro 21 de Outubro. ASDUGA denunciou publicamente as declaracións xustificatorias deste novo xiro da concesión da cátedra, calificándolas de "increíbeis e provocadoras (...) son un acto de servilismo ao Goberno central", insistindo en que, en cumprimento da LRU, moitos son os profesores universitarios que teñen que desprazarse con dificultades e que en caso de imposibilidade sempre se produce un acordo entre as partes "non dunha parte contra da outra como sucede neste caso".

Por outro lado mantense no Tribunal á profesora Sterling, apesar de que a súa aitude era fundamental no recurso presentado e contra a que ten interposta unha querrela o profesor López Suevos.

O Claustro da Facultade de Económicas, pola súa parte, ten tomado un acordo de apoio a López Suevos nesta nova fase do seu longo contencioso. □

X.C.

PREMIOS GALICIA DE XORNALISMO 1988

Có fin de promocionar todo o que contribúa a profundar na realidade galega e na defensa dos dereitos humanos e a liberdade de expresión, así como para recompensar publicamente o labor que profesionais e colaboradores dos medios de comunicación social ven realizando neste senso, e ó ter en conta, por outra banda, que no presente ano se conmemora o centenario do nacemento de Ramón Otero Pedrayo, declarado Ano Oteriano, a Consellería da Presidencia e Administración Pública convoca os "Premios Galicia de Xornalismo 1988", de acordo coas seguintes bases:

Primeira.— Poderán optar a estes premios os profesionais que publiquen ou emitan os seus traballos en galego normalizado nalgunha publicación periódica ou emisora de radio galegas, entre o 1 de xuño e o 10 de outubro de 1988.

Segunda.— Concederanse dez premios ordinarios de trescentas mil pesetas cada un (300.000) e dous premios especiais de catrocentas mil pesetas cada un (400.000) conforme á seguinte relación:

A) Premios ordinarios:

- 1.— Premio ó autor da mellor información ou comentario político.
- 2.— Premio ó autor da mellor información ou colaboración cultural.
- 3.— Premio ó autor da mellor reportaxe.
- 4.— Premio ó autor do mellor artigo.
- 5.— Premio ó autor da mellor información ou comentario deportivo.
- 6.— Premio ó autor da mellor información ou comentario económico-financiero.
- 7.— Premio ó autor do mellor humor gráfico.
- 8.— Premio ó autor da mellor información ou programa musical.
- 9.— Premio ó autor da mellor información ou reportaxe sobre sucesos.
- 10.— Premio ó autor da mellor fotografía ou reportaxe fotográfica.

B) Premios especiais:

- 1.— Premio ó mellor artigo ou conxunto de artigos en defensa dos dereitos humanos e a liberdade de expresión.
- 2.— Premio ó mellor artigo ou conxunto de artigos sobre a vida e obra de Ramón Otero Pedrayo.

Tódolos premios serán compatibles entre eles. O xurado poderá valorar discrecionalmente a continuidade ou frecuencia do labor en cada apartado.

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Dirección Xeral de medios de Comunicación

Terceira.— O prazo de presentación dos traballos findará o día 15 de outubro de 1988.

Cuarta.— Os traballos serán enviados a Dirección Xeral de Medios de Comunicación da Consellería da Presidencia e Administración Pública, situada no edificio administrativo San Caetano, nº 1, de Santiago de Compostela. No sobre farase constar a mención: "Para os Premios Galicia de Xornalismo 1988" e conterá a documentación seguinte:

a) Se o traballo se difundiu nunha publicación periódica, achegarase un exemplar do xornal ou revista no que apareceu, indicando cal é o traballo e a que premios opta, así como o nome e enderezo do autor. No caso de optar ó premio de fotografía, o autor deberá presentar tamén unha copia do orixinal publicado.

Se o traballo se publicou con pseudónimo ou sin asinar, cumprirá presentar un certificado da empresa periodística correspondente que acredite quen é o autor.

b) Se o traballo se radiou presentará unha fita co programa ou programas, indicando a que premios opta, así como o nome e enderezo do autor. Presentarase tamén un certificado do director da emisora no que conste a data de emisión e mailo autor.

Quinta.— O xurado para a adxudicación destes premios será nomeado polo Director Xeral de Medios de Comunicación. Constituirano persoas escollidas polos seus coñecementos nas materias obxecto dos premios.

Sexta.— O veredicto do xurado farase público nun acto que terá lugar na segunda quincena de novembro de 1988.

Sétima.— Os traballos recibidos non se devolverán ós autores. A Dirección Xeral de Medios de Comunicación da Consellería da Presidencia e Administración Pública reservará para si os dereitos de publicalos ou editalos.

Oitava.— As decisións do xurado serán inapelables e o premio ou premios que este considere oportunos poderán ser declarados desertos.



PONTEVEDRA

A autovia do MOPU paralisa o tránsito

Cando se construa a Autopista volverán cortar o uso da Ponte da Barca

O caos circulatorio en que está sumida Pontevedra desde hai dez días é só anuncio do que está por vir: nun prazo indeterminado de poucos anos o corte reproducirase outra volta cando se inicie o trazado da ponte que realizará Autopistas e que mutila á da Barca pola beira oposta á actualmente en obras.

O problema que está a vivir Pontevedra, co tráfico en trombose permanente nas horas punta do día, pon á lus problemas que non son exclusivamente desta cidade. A necesidade de vías rápidas interurbanas que circunvalen os grandes núcleos urbanos, tendo en conta a orientación espácio-xeográfica das cidades galegas (eixo Norte-Sul) foi posposta sine die acumulando problemas ano a ano por uns crecements urbanos descoordinados e sen Plans de Ordenación. A obra que agora está facendo o MOPU nas beiras do Lérez é unha consecuencia directa desta situación e do capricho de finalizar un proxecto obsoleto e, segundo os especialistas, absolutamente inútil. Fagamos un repaso.

Hai perto de vinte anos o MOPU deseñou desde Oviedo (Galiza entraba nesa demarcación centrada en Astúries) dous anelos consecutivos, un interior á cidade e outro máis externo que debían cumprir un labor desconxestionador dos vehículos en tránsito. Pronto se viu a fraca utilidade do proxecto que nunca se chegou a completar. Desá época, e de dous plans ultimados nos anos 1981 e 1986, provén o actual recheo do Lérez para trazar unha autovia que enlazaría —sen partir de nengun outro enlace de estrada interurbana ou de grande fluxo de vehículos— coa que se dirixe a Marín.

Na altura do ano 1976, sendo alcalde Queizán Taboada, a Consultora Galega xa propuña, como paso alternativo para o tráfico cara o Norte (Santiago e mesmo Vilagarcía) o trazado da Autopista e da circunvalación correspondente por Tomeza e alonxándose da cidade. A solución arquívouse e volve a non ser tomada en conta por Autopistas que deseña unha nova Ponte que será o novo horizonte pontevedra.



Pontevedra será cruzada por unha cuarta ponte para servizo da Autopista e sufrirá un novo corte de tránsito na Ponte da Barca

drés desde a Alameda se non se toma resolución algunha en contra.

Un río en permanente agresión

O MOPU mantén o seu proxecto apesar das protestas das entidades cidadáns. Un proxecto curioso, que no estudo de execución do 1986 é firmado por José Luis Rodríguez como autor, quen asimesmo o sanciona como Xefe Provincial de Demarcación de Carreteras. Un proxecto que ten un custe de 1000 millóns de pesetas para unha vía que non traslada tráfico das zonas máis problemáticas da cidade, que serve de cobertura para a nova traida de augas de Celulosa e que aumenta, entre outros, o perigo de inundación dunha ampla zona da Baixa da cidade en caso de confluír unha marea equinoccial e unha forte chea do Lérez, como argumentaba o arquitecto e ur-

banista Fernando M. Sarandeses nun argumentado escrito de alegación presentado o pasado Maio.

O Lérez xa ten importantes problemas todos os veráns e agora perde coa nova Vía de Beiramar, unha meia de once metros do seu leito. Se no futuro se paralisase a drenaxe do río e extracción de area, o perigo de inundación incrementariase perigosamente... pero nada de todo isto detivo ao MOPU.

Anteriormente foran paralisadas as obras da Autovia pola aparición de achádegos arqueolóxicos na entrada da Ponte do Burgo. Agora a acción sobre a Ponte de Barca, que perde tres arcos para deixar paso á estrada do MOPU, organiza un caos circulatorio que aínda non houbo quen avaliasse nos seus custes económicos. Pontevedra segue sometida á tensión imparábel da desorde urbanística.

x.c.

TRIBUNA



O DIÁRIO QUE A DIÁRIO

XESUS CAMPOS

Día tal, mes de tantos, anno domini. Vai unha calor que abafa e apreta pero, como Dios; non afoga, pero a punto está, como a soga do Falconetti, que vale para amagar suicidios, pero ao cabo non resulta. Ao sol pásalle algo semellante: quenta pero non queima, como as estufas que vanamente nos intentan vender neste outono atípico. A mi plin, é cousa do Antolin.

Un día tal estabamos e nel seguimos. Clic. O teledíario quita a Solchaga verborreando en Berlín nunha xuntanza de tipos semellantes, logo conta que imos aforrar cincuenta mil millóns pola baixa de prezos do crudo. Recoñezo a miña imadurez, pero non vexo por ningures algo que supoña un beneficio in ou mediato ao meu desnutrido peto. Crua realidade. Vive Revilla? Onde vai Santiago Corella? Concluo que os informativos de televisión teñen unha grande funcionalidade como motivadores de sesteos subitáneos. Ese adormecemento de dez-doce minutos que tan ben asenta o xantar ten nos teledíarios o seu máis firme aliado; concretamente esa repetida imaxe dos camiáns lanza-misís na fronteira irano-iraquí. Zias, zias, zias, zias, cabeza e grollo de café enfriado. E a traballar. Abandona un o café co convencemento de que andamos por detrás das conceicións ideolóxicas do mundo de hai un século. Seguimos considerando as guerras como asuntos domésticos e maniqueos como seguimos esquecendónos da condición das mesmas como resultado do desenvolvemento do imperialismo. Ponto. Avanza a tarde e vai máis calor aínda. Sobre amesa repousa un exemplar da revista de Unión-Fenosa, incluíndo unha reportaxe sobre presentes retos tecnolóxicos, fusións, sprints comerciais e —como non— métodos de aprendizaxe do galego co copyright de Siro, Siro López, quen baixo o audaz e suxerente título de "Falemos galego. Lección XXI" acredita a valia e importancia da nosa nacionalidade na orixe galega de, a saber e por orde: Alfonsín, Fidel Castro, Rita Moreno, Borges e Pepe Iglesias "El Zorro". Mágoa non terse lembrado do célebre criminal Jarabo, do xeneral Franco, de Jesus Suevos e de Xan das Bolas.

Día tal de tantos. Non dá anoitecido e esta maldita calor vai acabar con ún. que xa lle ia collendo pavor á invernia compostelana pero abxura dos remakes estivais. Santiago échese de profesores arredor de Otero Pedrayo. Castelao, Rosalia, Cunqueiro e Pondal ficaron estancados nas carpetas de méritos e conferencias en provincias. Até cando Otero Pedrayo? Até o vindeiro Día das Letras, da Pátria ou como se chame. Polo menos os do Bloque pásanse a vida reclamando evidencias, que sempre son as mesmas. Pero a clase profesoral muda de musa como quen muda de pixama.

Estábamos a día tal de tantos e nel seguimos. O meteorólogo confirmame o que sospeitaba: que esto é un forno. Merco un xelado, tómoo nunha terraza e comprobo que de nada serve sentar nuriha terraza para tomar un xelado. Son terrazas de saldo, xelados resesos, veraniños apócrifos que só funcionan para alimentar catarros de tardiña. Quen marca aquí o verán non é o home do tempo nen o bronceado do parlamentario. Aquí o verán márcase a toponimia, xusto cando Sanxenxo muda en Sanguenjo e a invernia corre a cargo de San Froilán, é decir, de Lugo.

Día tal de tantos. Unha ducha. Xornada negra para o atletismo en Seúl. Non é de extrañar. Ben Johnson é de color. Negra. □

VIAXES DO OUTONO

Solicita o noso Folleto de Viaxes

INDIA

2 rotas de 1 cada unha. **India Central e Nepal**, visitando Delhi, Rajasthan, Agra, Benarés, Bombay, Kathmandú e Pokhara. **Preço:** 196.000 Pta. **Saídas:** (India Central e Nepal) 4 ao 31 Outubro; 1 ao 28 de Novembro e **Saídas:** (India do Sul) 4 ao 31 Outubro.

EXIPTO-XORDÁNIA

1 mes en autocaravana acondicionada, visitando Cairo, Aswan, Luxor, 2 días en falúa polo Nilo, Mar Roxo, Sinaí, Petra e Amman. **Preço:** 175.000 Pta. **Saídas:** 2 ao 20 de Outubro; 2 ao 29 de Novembro.

KÉNIA

24 días recorrer os grandes parques naturais, aldeas como Nairobi e Mombasa e as maravillosas praias do Índico. **Preço:** 208.000 Pta. **Saídas:** 6 ao 29 de Outubro; 2 ao 26 de Novembro.

MARROCOS

Rota de 20 días visitando a zona do Rif; as cidades imperiais de Fez, Meknès, Marrakech e Rabat; o Parque Nacional do Toubaki; as Kasbah, á beira do Deserto do Sahara. **Preço:** 68.000 Pta. **Saídas:** 1 ao 20 de Outubro; 1 ao 20 de Novembro.

ALXÉRIA: O GRANDE ERG OCCIDENTAL

Viaxando durante 17 días para coñecer as máis impresionantes paisaxes do Sahara Al-

xeno, as grandes dunas e as cidades oasis como El Golea, Ghardaia, etc. **Preço:** 79.000 Pta. **Saídas:** 30 de Setembro ao 16 de Outubro; 4 ao 20 de Novembro.

E ademais, Trekings polos **Annapurnas** en Outubro; pola **Patagónia** en Novembro; e polo **Aconcágua** en Decembro.

Tamén tarifas aéreas económicas a calquer lugar do mundo.

añosluz
 CLUB DE VIAJEROS

Ronda de Sant Pere, 11. 6º 3a. 08010-Barcelona-Tlf.: 302 50 81
 Ledesma, 7. 1ª izqda. 48001-Bilbao-Tlfs.: 424 42 65-424 22 15
 Rodríguez San Pedro, 2. Of. 1202-28015-Madrid-Tlfs.: 445 11 45

■ Os sindicatos con presenza no comité de empresa de Alúmina-Aluminio

anunciaron a intención de realizar diversas mobilizacións co fin de sensibilizar a opinión pública da situación en que se encontran os 23 traballadores, membros do comité, despedidos.

Os sindicatos piden abrir unha mesa negociadora para reincorporar ao seu posto de traballo aos seus 23 compañeiros.

Ademais do lanzamento de octavillas explicativas, a fins do próximo mes de Outubro realizarase unha gran concentración de delegados sindicais en Compostela.

Hai que recordar tamén, así o fan os sindicatos, que aínda está pendente tamén o recurso da empresa diante do Tribunal supremo, sobre a nulidade dos despedidos de 11 traballadores. □

■ A decisión adoitada polo Consello de Ministros español de elevar o contigente de importación de merluza conxelada en 5.000 toneladas, pode supor a perda de uns 4.000 postos de traballo no sector, segundo denuncia o SGTM-INTG.

As importacións de merluza xustificadas a Administración en base á necesidade de conter os prezos e frear o IPC. Para o SGTM esta política nen detén a inflación nen contén os prezos, servindo unicamente para enriquecer aos intermediarios.

No primeiro semestre deste ano foron importadas o dobre de toneladas de merluza que en 1987, tendencia ascendente que continúa na actualidade, en tanto que os "stocks" nos frigoríficos do porto de Vigo impeden descargar aos barcos galegos, paralizándo a súa actividade. De non frearse esta política vaise agudizar a crise que xa ven padecendo o sector pesqueiro galego. □

■ As autoridades españolas decidiron subir o litro de viño 15 pesetas

en vistas da redución que vai sufrir a colleita cuxa vendima acaba de començar. Esta aumento de precio repercutiralle por primeira vez ao labrego. Nesta ano preveese unha diminución do 50 por cento a respecto ao ano 1987 na totalidade de Europa, porcentaxe que se pode facer extensivo a España e a Galiza, aínda que hai diferencias entre as diversas zonas da nosa nación e tamén entre o viño branco e o tinto.

Aínda así o Cúmulo Comunitario decidiu pagar o 50 por cento do prezo de orientación a aqueles viticultores que quixeran destilar o seu viño, discutíndose tamén o aumento de primas para o arranque de viñedos. □

■ Complexa de Lugo e o resto das empresas do grupo Lactaria Española, pertencentes ao INI, van pasar nun curto espazo de tempo as mans de Tabacalera Española, se os consellos de administración dos respectivos grupos autorizan unha operación que xa está practicamente rematada.

A fábrica lucense foi criada hai máis de 20 anos por iniciativa duns cooperativistas, posteriormente foi comprada polo INI, sendo a única planta até hai uns anos que finalizaba os exercicios con superavit. Aínda así a factoría pasou de 213 traballadores a 150. Por ela mostrou tamén interese unha cooperativa dinamarquesa que quería intrudirse por esta vía no sector lácteo galego. □

'A unidade é un salto voluntarista'

F. Martínez Randulfe

Deputado do PSG-EG

■ M.V.

Home de longa traxectoria de loita democrática, ex-xesuita, avogado laboralista —en Madrid compartiu tarefa no despacho tristemente célebre de Atocha—, vinculado en tempos ao PC, tempos todos eles dos que garda un bon recordo, e hoxe deputado polo PSG-EG no parlamento

autónomico, Fernando Martínez Randulfe, defínese, pésie a todo, como escéptico "por iso non ocupo nengun cargo no partido". Bon afeitoado á lectura, pouco dado ao espectáculo, critica a desestructuración, a falta de racionalización e análise da que fai gala o parlamento —reflexo da sociedade en xeral. Preocúpanlle as últimas teorizacións que hai polo mundo e interrógase polo camiño que vai seguir a nosa sociedade. Moderno no bon sentido, interesalle máis o que fan os novos que o que fixeron os vellos, mesmo cree que hai demasiados vellos no nacionalismo. Identifica o poder como unha pantalla opaca que ten como encomenda o desfigurar a realidade. Cree que os acordos entre forzas nacionalistas están verdes: "hai que racionalizar".

Vostede é un home xa cunha experiencia valiosa. Cal foi, en síntese, a súa traxectoria de compromiso social e político desde o franquismo até os nosos días?

A miña evolución ven por dúas liñas: polo estudo e lectura que as circunstancias da vida me permitiron facer coa liberdade que quixera por unha parte e con moitos médios por outra. Pero o fundamental, como supoño que no principio de todo compromiso, está no contacto coa realidade, por unha situación desconcertante e esa situación resalto dous aspectos: por unha parte a caréncia de liberdades —que a min non me doblega nen Franco, teño dito, porque interiormente sintome libre— e logo estaba o problema dos operários, os enormes contrastes que había.

Desde o punto de vista partidario, eu comecei colaborando estreita e totalmente co Partido Comunista. Empecéi en Madrid, que foi onde espertei con outros compañeiros a esta análise de compromiso —gardo diso un recordo extraordinario— e creo que daquela fixemos un traballo necesario, con total entrega. Daí xa viñen a Galiza, porque había necesidade de que viñesen axentes activos. Eu estiven fóra de Galiza desde o 52 até o 60, logo botei aquí dous

anos, marchei e voltei no 67 paréceme. O choque vindo desde Madrid e despois de vivir en Alemaña, Italia, Francia, Bélxica, etc pois o contraste é notábel e ese contraste empeza a despertar a necesidade dun compromiso máis localizado.

'O TRABALLO DURANTE O FRANQUISMO ERA DURO, PERO MÁIS FÁCIL'

Hai dúas referencias tamén na súa traxectoria: o seu compromiso cristiano en certa época e a súa participación entre os logo, tristemente famosos, avogados laboristas de Atocha.

Si claro. En concreto con quen comecei a traballar politicamente foi con aquel grupo de avogados de CCOO. Eu como profesor de dereito do traballo na Facultade de Económicas de Madrid, pensei que había que facer algo e en vez de seguir pola cátedra como pensaba, pois dediqueime ao dereito laboral e comecei a traballar con eses compañeiros de Atocha. Logo, nos anos sesenta e tantos, foi cando decidín vir a traballar aquí, porque non había nengun despacho dedicado a isto.

Aparte do que calquera pode coñecer ou imaxinar, en que pensa que se diferenciaba o traballo no franquismo e o de agora?

Daquela o traballo político era duro nalguns aspectos, é duro ter que ir ás cárceles constantemente, ir ás fronteiras, sacar e levar xente... era duro pero fácil, porque se traballaba nunhas estruturas bastante reducidas se o miramos dentro de todo o contexto social. Neste senso, calquer compañeiro era un militante. Hoxe a sociedade cambiou, loxicamente ao cambiar o réxime. Hoxe non todos os que traballamos no mundo político somos militantes, concebido como antigamente. Esixe moito máis debate que antes, antes era unha transmisión practicamente de propostas políticas, hoxe necesítase un enriquecemento porque a vida nun réxime democrático é moito

'NON DEBIA CHEGAR AO PODER NINGUEN QUE QUIXERA MANDAR'



máis complexa. Por outra parte, a xente que traballa na política non está tan centrada nela. Antes tiñase a idea de que uns poucos podían salvar o país, hoxe recoñécese a autonomía propia de que só se pode salvar cada quen. Esta visión individualista antes non primaba; iso non é nen bon nen mau, é o resultado do desenvolvemento social. Todos temos uns dereitos que antes non se recoñecían, todos somos máis diferenciados e entón é máis difícil artellar un traballo de conxunto, de práctica política, aparte de que non se está en atitude de recibir calquera cousa que che entreguen, porque hoxe a oferta é máis ampla.

Ética e política

Vostede é unha persoa que valora moito a ética en política. Cree que o exercicio do poder ou as presas por chegar a el deterioran esa ética?

Eu creo que non debía chegar ao poder ninguén que quixera mandar. Creo que o faría mellor xente que está na política pero con claro desexo de non mandar. Sería a única forma de salvar a ética política. Porque o certo é que quen chega ao poder normalmente cede ante compromisos e presións. O único radical aquí sería dicir: ou podo levar adiante o que eu quero politicamente ou dimito e voume e digo ante a sociedade que non me sinto libre para exercer o poder. Isto parece moi anhelical pero non tiña porque selo e ademais iso sería capaz de renovar o compromiso de todos os individuos nunha sociedade.

Non cre escasa a participación da xente na política, por unha parte, e lamentábel, por outra, o silencio dos políticos en temas de interese para a comunidade?

Nos cidadáns existe a idea de delegar a capacidade de gobernar nunhas persoas. É difícil recordar a concepción de que o estado só é un xestor da soberanía popular. A xente debe darse conta de que mentres non participe e se autoxestione sempre estaremos aliñados polo poder. Para min hoxe a relación sociedade civil-estado é tan importante como a loita de clases. Volvendo entón á ética política da que falábamos, os que acceden a detentar os postos do estado non son conscientes de que a sociedade non delega neles poder nengun, senón que son meros xestores da sociedade. Entón por iso se produce esta dialéctica rara de que os que deben debater non debaten, pero debater para que, se a sociedade non me pide contas? Eu creo que isto é de sociedades moi primarias e esixirá unha evolución na que a responsabilidade fundamental téñena os partidos políticos. Só se se rearma a sociedade no senso de esixir ser xestionada, non dominada, só nese momento podería estabilizar unha vida social máis sana. Os partidos deben preocuparse máis de articular a sociedade que de ser máquinas de poder.

'NON HAI DEBATE POLÍTICO PORQUE A SOCIEDADE NON PIDE CONTAS'



A CEE

Entrando nun terreo máis concreto, cal é a súa visión, desde un punto de vista xeral, da CEE?


Aparte da integración económica na Europa dos mercaderes que é un feito notábel, é máis importante a dialéctica na que nos meten. A idea que parece que prima é a dunha única Europa que pode levar á uniformización. O nacionalismo pode aportar a necesidade da diferenza. Un poder centralizado pode ser omnimodo. Iso non quer dicir que non se poidan compatibilizar as diferencias. Iso é un contrapeso a unha nova relación de dominio.

E cal sería a forma de facer frente a iso desde Galiza?

Ter un estado ... Pero máis a curto prazo como se poder frear esa dinámica?

Cun proceso: a conciencia da propia sociedade galega da situación en que a mete. Se capitula ante isto non pode voltar a lairse decindo que nos esquecen porque estamos no extremo de Fisterra. Esta conciencia de dominio a nova escala é a responsabilidade que teñen os partidos e que eu non vexo que cumplan, de non ser os nacionalistas. Aquí faise a

transi
com
imos
pa e
pobre
a qui
estás
Aco
nac
Dent
valer
pa, c
nació
Non
esfor
tivos
O pa
nante
calqu
racion
dade
tratar
porqu
nació
o pro
difer
teñer
do o
com
volut
ca d
se m
socie



tón que queremos, xogar aos números ou xogar a articular este país e que teña unha expresión propia tan consistente que este problema non se plantexaría?

Pero habería unha presión maior.

Que presiona un deputado? Presiona se ten unha forza política suficiente ou unha sociedade capaz, senón nada.

Non hai sectores afectados pola CEE, na agricultura, na industria que comezan a ser conscientes da súa situación e que si lle resultaría positiva unha maior representación política?

A capacidade de presión viralle da capacidade de representación social que teñan e por suposto nunha mestura absoluta non ia ser unha comunidade de intereses. O que tiñamos era que saltar a representación que nos levan os partidos sometidos á ideoloxía centralista.

Pero hai tantas diferencias como para falar dunha mestura absoluta?

Eu con Arespachoga non teño nada, por pór un exemplo, por moi galego que fose. E a revolución non depende de que nós estañamos ou non na Europa, a revolución virá cando fagamos aquí a revolución. Agora se falamos de nacionalistas doutros países europeos, evidentemente si, todos, todos os nacionalismos das nacións sen estado están máis ou menos neste proceso e por iso hai intentos de articulación neste sentido, porque non vai depender da Galiza só. Dentro da Galiza as diferencias son moi grandes e eu desexo que as forzas aquí racionalicen a sociedade galega cada vez mellor, pero isto está moi verde. Alá, todos alá, iso é unha eclosión mítica voluntarista. É un salto ilusório, e ademais non nos chegan os votos, de onde sacas os 250 mil? Se aquí somos catro, se non somos capaces de eliminar as diputacións, de conseguir estradas, pero que pasa? Vanme enganar a min cunha operación montaxe? É necesaria a voz, pero con forza e eu vexo que algunhas forzas nacionalistas están facendo a ver como sosteñen determinado tinglado, pero oiga, vostede está articulando unha sociedade ou está vendo como se coloca aquí? Non podemos dicir como todo isto está mal, xuntémonos. Xuntémonos a partir de que análise? Que análise en conxunto está feito?

Eleicións autonómicas

Como ve o PSG-EG as próximas eleccións autonómicas?

Son mal pronosticador, o que si estou convencido é de que o nacionalismo vai subir.

O seu partido ten falado de goberno de progreso en varias ocasións, cal é hoxe a súa posición?

Non o sei, aínda non fixemos ese análise. Agora eu particularmente non só non repúdo o estar no poder e mesmo paréceme necesario e creo que o nacionalismo precisa iso, experimentar o goberno, non polos propios partidos nacionalistas, senón pola sociedade da Galiza.

E iso non sería unha posición de voluntarismo semellante ao que antes criticaba, posto que a base social aínda que fose maior que a de hoxe, resultaría igualmente reducida e daquela tería que darse a hipótese de compartir goberno?

Iso sería cuestión de que fose viable plantexar un programa ou non. Aquí non pode haber mesturas nese sentido, como dixen antes, agora, no goberno xestionando un programa, por que non? □

‘O PROBLEMA NON É UNIR SENÓN ARTICULAR O NACIONALISMO NA SOCIEDADE’

transposición ilusoria de que como en Europa son ricos, nós xa imos ser ricos con entrar en Europa e ollo que en Europa hai moitos pobres e hai moitas velocidades e a que velocidade vas entrar ti se estás no extremo do rádio?

Acordos entre o nacionalismo

Dentro da necesidade de facer valer a nosa diferenza en Europa, como ve a división dentro do nacionalismo e dentro de Galiza? Non sería positivo conxeniar os esforzos polo menos ante obxectivos urxentes?


O patriotismo pode ser tan alienante como outra categoría ideal calquera. O que se impón é unha racionalización da propia sociedade galega. Europa non nos vai tratar dunha maneira nen de outra porque se xunten A, B e C que son nacionalistas. Creo que non é ese o problema. O problema é que os diferentes vectores nacionalistas teñen adecuadamente racionalizado o que pasa nesta sociedade e como articulala, senón é un salto voluntarista. Non estamos na época da tribu, onde toda unha tribu se mobiliza contra outras tribus. A sociedade moderna é moito máis

complexa e diversificada, hai intereses non comúns no seo da propia sociedade e até que iso non se racionalice é inútil, é un intento meramente voluntarista. Porque ademais, que son esas forzas nacionalistas sen nacionalistas sociais? superestrutura, un engano. Todas as forzas nacionalistas deste país teñen a mesma visión do que é e do que pode ser o estado europeo?

Sen embargo a resposta a problemas inmediatos, nos que se pode coincidir...

Pero isto é inmediato. O facer valer a nosa diferenza, os nosos dereitos, aínda non se dá aquí na Galiza; os partidos maioritarios con moito son os centralistas. O autogoberno galego non é tal, senón un autogoberno na Galiza. Se aquí estivesemos gobernando os nacionalistas en maioría, ti pensas que teríamos este problema? En-

XOGOS EN SEUL



Racismo, prexuízos ideolóxicos e falla de obxectividade nas Olimpíadas

“Salnikov xa está acabado. Vexan ao coronel do exército soviético Gomelski (polo treinador da selección de baloncesto da URSS). En Moscú non houbo casos de *doping*, xa se sabe por qué. Vexan o sorriso das nadadoras da RDA... dentro do que estas mulleres se poden sorrir. Iseis atletas soviéticos que fan grandes marcas en lugares que non se coñecen e despois nunca máis se sabe”

Se non fose porque o positivo de Ben Johnson marcará na memoria estas Olimpíadas de Seul e renovará o debate sobre as servidumes que o deporte como espectáculo xera e obriga, sería un exemplar exercicio recoller e pararse a analizar o bombardeo ideolóxico que arredor deste xigantesco evento deportivo chove desde televisións, rádios e xornais.

É como unha repetición continua de tópicos. Nos deportes de equipo nos que interveñen os países socialistas sempre se fala de pouca imaxinación, xogo maquinal, mecánica, frialdade... aínda que se estea vendo un xogo brillante: un mate dun norteamericano sempre será máis espectacular que un semellante de Kurtinaitis. E isto sexa nunha cancha de baloncesto, no estadio de fútbol, ou na piscina de waterpolo.

Na natación xa é cómico. As espectaculares costas de Matt Biondi son produto dun grande entreinamento, do sacrificio e dunha historia personal digna de narración no Reader's Digest. As nadadoras da RDA sempre estarán baixo sospeita de inflarse de anabolizantes. Ou cando corria a checa Kratochvilova, que “parece un home”, e sempre era ollada con lupa: ninguén fai comentarios sobre os músculos da ximnasta Eva Rueda, ou de Florence Griffith (a horterada das suas unllas é *espectáculo* mentres os peiteados das atletas da RDA — tamén se ouviu — é un *síntoma da triste vida neses países*”

Se Kristine Otto, a auténtica trunfadora dos xogos na natación coas suas seis medallas de ouro, despois de estar retirada e cos seus 32 anos (!!), merece gabanzas pois non: os comentaristas din, para compensar, que a “raíña” é Janet Evans (3 medallas) suponse que porque é norteamericana.

Se no cómputo de medallas o trunfo da URSS e a RDA é incontestábel é porque “a ximnasia produce moitas medallas”, como se só participasen os países socialistas nestas especialidades ou como se non existisen inúmeros galardóns na natación masculina que en xeral dominan os nordeamericanos.


Gaña un negro en natación e lese que “un despiste de Matt Biondi permitiu que Nesty fora o primeiro nadador negro que se lava [sic] nunha piscina”. E cando xa Salnikov empezara a gañar metros e metros de vantaxe, (xa se anunciara que *un dos mellores nadadores de todos os tempos estaba acabado*), aínda os comentaristas falaban do norteamericano como favorito nos 1500 metros libres.

Copan o salto de altura dous soviéticos e un negro norteamericano, os africanos gañan en innúmeras especialidades, Zámibia vence a Italia con catro goles antolóxicos, triunfa Johnson nos 100 metros, perde Willie Banks en triple salto, gaña Bubka na pértiga... e un lembra os sesudos artigos e as matrículas sobre as febras musculares dos atletas de pel negra, que se son especiais para esforzos curtos, que se o panículo adiposo non lles permite unha capacidade de aboiar na auga tan sinxela, ou as dúbidas continuas sobre as marcas que fan os atletas soviéticos e cando as repiten nos xogos, pásase a folla de seguida ven o silencio.

Nestas Olimpíadas, Carl Lewis non lles deu o espectáculo esperado. A final dos 100 metros foi o anti-climax. A mellor carreira de todos os tempos apenas tivo un colofón de 60 segundos de aplausos, sen volta de honor, e o mesmo pasou na de 200 porque só está treinado adecuadamente para o *show-business* o Lewis, e unha volta de honra del non a remeda outro atleta, aínda sendo Deloach americano.

En fin, unha tristeza. Uns xogos de madrugada marcados polos trunfos de quen non dá excesivos dividendos á Coca-Cola ou Adidas. E co corolario dese *doping* do que tanto habería que falar. Ademais Johnson era xamaicano, disléxico e tatexo. □

Galicia, tempos mellores para o progreso.




Galicia padece, desde hai xa moito tempo, problemas de atraso e desequilibrios económicos. Durante decenios, a emigración foi a única resposta posible ante a falla de horizontes.

É tempo de que isto cambie. E necesario que a nosa terra non perda unha vez máis o tren do progreso.

A XUNTA DE GALICIA é plenamente consciente deste problema e quere abrir camiños á modernización do país. Camiños que pasan por mellora-la nosa economía para facela competitiva dentro do marco da CEE, incorporar tecnoloxías puntas e potencia-los nosos recursos para poder afrontar co éxito o reto da nosa integración en Europa.

É hora de alcanzar mellores expectativas de futuro para a nosa terra.

É tempo de conseguir unha Galicia mellor.



ELEIÇÕES CANTONAIS

Por que non vai votar o povo

O estado de crise da democracia francesa

O domingo 25 de setembro a metade do eleitorado francês tinha a possibilidade de eleger aos "conselheiros gerais", deputados das assembleias comunais, instituição introduzida em França com motivo da recente descentralização do Estado. Era a quinta (o domingo que vem será a sexta) em 6 meses.

Um de cada dous eleitores preferiu fazer outra cousa máis interessante...; os políticos e os "média" "explican" este inquietante fenómeno argüindo que 1) o povo está canso de tanto demo de voto em tam pouco tempo e 2) o povo ainda non sabe mui bem o que fan as assembleias comunais. É possível que as duas cousas sejam certas. Já se fala portanto de "reagrupar" comícios: entre presidenciais (maio-junho), legislativas (junho), comunais (agora) e municipais (março 89) e mais europeias (junho 89) a França atopa-se em luta eleitoral constante.

Outros analistas, porém, explicam este fenómeno dumha maneira máis séria: a porcentagem de abstenção (umhas décimas por riba do 50%) expressa o degrau de desconcerto que está a viver politicamente a sociedade francesa —entre tanta "ouverture" e sibilinas discussões acerca da moderação dum importante seitor da direita (é ao que están a chamar aqui en França, e noutras partes também, "centrismo"...). O povo tende a pensar que o *status quo* político actual esta-se afastando perigosamente da realidade social, constituindo pasenhi un subúrbio incommunicado a respeito do resto da sociedade (pense-se por exemplo no debate acerca de outra nova pedra filosofal, a saber, a



De Gaulle abriu o sistema presidencialista coa V República. Agora o sistema político francés resintese

"apertura" da política á "sociedade civil"...).

Resultados

Quando tanto se parola da fuga das fronteiras entre esquerda e direita velaqui uns resultados que partilham quase simetricamente ao eleitorado francés em dous anacos de 50%: as dereitas civilizadas (RPR e UDF) recuperam algo do seu eleitorado (favorecido pola implantación local dos seus "notáveis"), o Front National de Le Pen baixa espectacularmente (arredor do 5%, 15% em Abril) —resta saber se por afastamento do seu eleitorado ou porque o discurso lepenista começa estar bem representado pola dereita clásica, sobretudo o RPR chiraquiano—, o PS aséntase no 30%, o PC (a grande sorpresa) fai un meritório 13% quando se lhe dá por morto regularmente cada duas semanas... ao tempo que as outras formações da esquerda e a direita extra-parlamentares non ultrapasan as cifras decimais (os verdes pós-modernos tampouco).

Algumhas questons a debate

Entre as questons actualmente a debate e os fenómenos da actualidade na política francesa compre sublinhar os seguintes:

1) o "shock" ocasionado na opinión pública polos excessos verbais —certamente hitlerianos— do Sr. Le Pen ("Durafourcrematório") é possível que estaja a originar a volta de eleitores da dereita ás formações conservadoras de orixe (RPR e UDF). Fenómeno paralelo ao aumento das referências nacionalistas no discurso sobretudo do RPR chiraquiano. A UDF é máis claramente anti-lepenista.

2) a ridiculización e contestación da estratègia da "apertura" do PS aos "centristas": dirigentes do PS já hai que responsabilizan a esta do desconcerto reinante na sociedade e num importante seitor do "militantédego" socialista, seitores que desconfiam ou rejeitan visceralmente a política de entendimento e amanho coa dereita, seja esta moderada e liberal como é o

caso da UDF. Por certo, esta coaligación de partidos esta-se a converter num impresionante coro de grilos desafinando; a coexistência de líderes máis que ideas tam dispares como Giscard, Léotard, Méhagnerie e Barre é possível que conduza ao escachamento do grupo (os deputados barristas poderiam ser a base parlamentar de apoio de Rocard ali onde a minoria socialista nom queira procurar o apoio no PC —méios un chisco sensacionalistas falam de Barre como segundo primeiro ministro do septenato mitterrandista).

3) o repugnante e provocativo paralelismo que Giscard estabeleceu entre o FN e o PC, silogismo historicamente falso que Pierre Mauroy (aínda restam socialistas no PSF!) atopou inadmissível. Giscard tentava propór assi umha estratègia de exclusom do FN por parte da dereita e do PC por parte do PSF de cara ás habituais renúncias mútuas ("disciplina republicana") na esquerda nas segundas voltas das eleições em favor do candidato melhor emprazado. Disciplina que a direita —isso sí, "só" a nivel local... tenta pola sua banda também introducir...

Mentres isto acontece, os jornalistas dos canais públicos da TV, Antenne 2 e FR3, seguen em folga porque umha senhora que presenta um telejornal cobra 120.000 FF (sic) ao tempo que "colegas" dela se "conforman" con soldos entre 4.500 e 6.000 FF, outras folgas se achegam (transportes...), os Kanakos alviscam a independência máis perto e —belas! — un novo tipo de "leitura" histórica arriva —douscentos anos despois— ás costas francesas de 1989: a dos historiadores da "galaxia" Furet a interpretar os revolucionários eventos de 1789 en clave liberal...

CARLOS OLIVEIRA/PARIS



Juan Arespachaga, senador de AP e vicepresidente do Senado, interviu na campaña publicitaria a favor de Pinochet afirmando que, moitas veces é mellor a ditadura que os partidos e comparando a situación de España coa de Chile. Ninguén o acusou ainda de apoloxia de golpismo.

O Chile do referendun

Quen chega a Chile nestos dias prévios ao plebiscito, encontrará o país convertido no cenário dunha confrontación política que aparece como imprópria dun réxime dictatorial. Todos os dias realizanse manifestacións dun ou doutro signo, mentras a policía só reprime aos do "non", mália que os do "si" son os que saen a rua con cascos, paus e outros elementos a causar desmáns.

Os médios de comunicación opositores: dous diários, tres revistas e algunhas rádios, parecen gozar de plena liberdade de expresión pero hai máis de 30 xornalistas que foron levados aos tribunais de xusticia, acusados de violar a lexislación ditada polo réxime. Na TV uns e outros dispoñen de 15 minutos, pero algún programa dos do "non" xa foi suprimido.

Xurdiu igualmente un novo movemento musical. Agora prota ritmo de rock e de salsa e, tamén, de vals, porque "o vals do non" tócase incluso en alguns restaurantes elegantes cando queda en claro que a concurrencia é opositora.

Os chilenos amosan que están dispostos a xogarse o todo polo todo neste plebiscito. Non saben o que virá despois do 5 de Outubro, data do referendo. Tampouco parece importarlles hoxe: a Pinochet bérranlle o que sinten.

Hai unha verdadeira explosión no bo senso da palabra; todos están conscientes de que o 5 de Outubro será un día clave para o futuro do país pero, como din, "agora ninguén nos vai calar". Impresionante, incerto, sorprendentemente auténtico. O proxecto pinochetista aparece sobrepasado, porque o plebiscito concebido antidemocráticamente deu paso a unha coxuntura democratizadora que non estaba nos plans de quen a idearon.

O que sucederá non só estará determinado polas accións do réxime, senón tamén pola conduta do conxunto opositor do 5 de Outubro, xa que a concertación polo "non" é unha concertación polo diversidade e o "non" ten, polo tanto, implicacións diversas.

PRENSA LATINA

UNHA NOVA ORDE ECONÓMICA MUNDIAL

O CARÁCTER POLÍTICO DA PROBEZA

FRANCISCO CARRALLO

40.000 persoas protestaron o día 25 de Setembro contra o Fondo Monetario Internacional (FMI) en Berlin. A cidade símbolo da liberdade burguesa encheuse de **contraasambleistas** do FMI e do Banco Mundial (BM) para esixir outra orde económica mundial e a condonación das débedas do Terceiro Mundo.

Esta **contraasamblea** non está a facer máis que un pequeno esforzo compensatorio dos cidadáns dos países ricos ante a devastación económica que os Góvernos destes mesmos países e as grandes organizacións bancárias e oligopolistas realizan nos países subdesenvolvidos.

A capacidade dos medios de comunicación burgueses e da escola de ocultar a realidade destrutora da política económica dos países ricos vai cedendo día a día. Gracias ás rendixas da contracultura un certo número de persoas e de organizacións tanto civís como profesionais están a descubrir a inxente aniquilación humana e cósmica do sistema capitalista. Aniquilación que está a afectar incluso a zonas do chamado Primeiro Mundo e pondo en perigo a todos os países.

Sen dúbida que hai teorías alternativas económicas e éticas. Pero só se divulgan en centros carentes de forza social para levá-las á conquista do poder determinante. Está-se a dar un pequeno paso contrarestando os efectos xerais do neocolonialismo dos grandes focos do poder: USA, Canadá, Xapón, CEE. Cal pode ser o método multiplicador desta oposición tan urxen-

te? Un, por suposto, o que utilizan os contraasambleistas en Berlin: co manifesto e a manifestación conseguen encender unha chama olímpica a levar por todos os continentes. Pero compre aumentar o calor e a luz desa chama.

"É HORA DE SUBLINAR O CARÁCTER DIALÉCTICO DE PAÍSES RICOS E PAÍSES POBRES"

É hora de sublinhar o carácter dialéctico de países ricos e países pobres. Hoxe hai ricos **porque** hai pobres. Hai unha maioría de países pobres porque hai unha minoría de países ricos. E isto vale tanto a nivel xeral como para os grupos sociais dentro de cada país. "Se todos fóssemos pobres porque os recursos disponíbeis fosen escasos, non falaríamos de países pobres nen sequer de pobres. Tampouco o fariamos se se tratase samente de desigualdade; dunha desigualdade pretendidamente natural ou mesmo cultural. Pero hai máis: e o feito de que os ricos (países, grupos e persoas) fixeron-se tales desposuindo aos pobres do seu, do seu salario, das suas terras, do seu traballo." Esta realidade pasada e presente está aí. Poderá analizar-se de diferentes xeitos, máis a súa descrición é fácil e debería ser coñecida por todos. Cabe aínda insistir: se se empobrecen certos países, outros son empobrecedores, se son despo-

suidos certos grupos humanos, outros son os desposuidores; se hai países e grupos oprimidos é **porque** hai opresores. Esta clamorosa inxusticia histórica e actual debía unir a cantos se teñen por persoas honestas na loita contra a inxusticia.

Mais resta o **carácter político da pobreza**. Os grupos que asumen a súa situación de pobreza consciente e activamente presentan unha forza revolucionaria imparábel. Así está a acontecer en Centroamérica. Son "eses pobres da terra" os que impulsan a loita pola xusticia e pola liberdade; son o que sinten de verdade "ou Pátria ou morte". Son os que poden entender, desde a súa loita, alternativas non **consumistas** dunha **nova orde mundial**.

Ensaia nos círculos reducidos de investigación alternativas ecolóxicas, anticonsumistas, etc. é san. Mobilizar organizacións de contestación, en calquer parte do mundo, é admirábel. Pero quen vai ser capaz de parir esa **nova orde** son os países, os povos pobres en loita pola liberación. Loita a que chegaron nun proceso longo no que todo foi aproveitado, desde a concienciación até a organización.

A manifestación multitudinaria do 25 en Berlin contra a vella orde económica que devasía o mundo é un sintoma de esperanza, sintoma ben agachado polos medios de comunicación do Estado español que cuase só deixaron meia fenda de luz para ironizar sobre eses contraasambleistas, verdadeiros membros da olimpíada da esperanza.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Cid, X. M. Aldas, X. Larrosa Vila, Cesar Varela, Xosé M. Salgado, J.A.M., Xesus López Témez, Xosé M. Carreira, Xosé Lodeiro, Fernando M. Vilanova, Xesus Torres, Suso Piñeiro, Domingos Prieto, Carlos Durán, Xesus Cambre Mariño, Begoña Moa, Alfonso Rivas, Xaquín Agullá, Fernando Carballa, M. Fernández Blanco, Vitor Vaqueiro, Antón Mascato, Xurxo Estévez, Xico Peña, Xosé M. Estévez, Manuel Lueiro Rey, Anselmo López Carreira, Hernán Naval, A. Cordero, Lupe Ces, Francisco A. Vidal, Xavier Seoane, Ricardo Rivera, X.X. Piñeiro Cochón, Plácido Lizancos, Xesus Campos, Manuel Estrada, Gonzalo Vilas, Alexandre Banhos, Bernardino Graña, Carlos Oliveira, L. Casado Cadarso, Miro Villar, Manuel Santiago, Margarita Lado Andión, X.L. Igrellas.

Fotografía: Chus García, Moncho Rama, X. Marra, Che, X. M. Fontán, X.L. Díaz, Nelson Gómez, Moncho Igrellas, Alexandra Diaz, Xosé Luis Suárez Canal, Manuel Sendón, Tino Viz, Xosé M. Albán, E. Reimóndez, Delmi Álvarez, Anxel Igrellas, Tachi Castro.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Cali, Cairo Silver, Ferreiro, Fefo, Xulio Gaioso, Anxo Baranga, Tokio, Hermida.

Axencias: Novostel, ADN, Prensa Latina.

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada, Guillermo Gómez, Carlos Soaxe.

CARTAS

OS MACHISTAS NEM MUDAM NEM MORREM

En relación com a Tribuna de N. Barxa (Algo muda en Portugal?, páxina 12, nº 354-15 de Setembro de 1988) queremos manifestar:

Estamos até os ovários de que señores que se dizem nacionalistas de esquerdas escravizem às suas mulheres nos ancestrais papeis de esfregona, cocinheira, costureira, cuidadoras de crianças e velhos... mecanógrafas e atribuíam-se-lhes características psicológicas como assustada, resignada, indiferente, sem acritude, tímida, tranquila e suave; e senom a qué vem o que escreve o machista N. Barxa, advogado da nossa compañeira Susana: "Despois de escoitar a 'declaración de amor' de Susana polo povo galego eu imaxinei a aquela minhota, /.../, mecanografando os fólíos de "Manual do Guerrilheiro" ou diversos documentos, cosendo roupa para os seus compañeiros"

R.S.P.
(Compostela)

QUE UNIDADE?

Todo o mundo sabe que a unidade sindical é una aspiración tam antiga como o movemento sindical propio. Ninguém esquece, sem dúvida, que essa unidade se achava en proceso progresivo de consolidación antes da selvagem ruptura no seio da Intersindical no ano 85; ruptura pola vía da purga e a expulsión que veu dar lugar aos diferentes sindicatos que hoje conforman a central maioritaria de ámbito galego CXTG-IN.

No 85 resulta ser que os homens e mulheres, que em Dezembro desse ano celebraram o 1º Congreso da CXTG, eram una presada de espanholistas e involucionistas. Sindicalistas "puros". Suso Arrizado e Muru-



zabal eram boicoteadores fraccionistas, Acuña um ladrom incorregível, Malvido um usurpador.

Hoje, apenas três anos depois —e, paradoxalmente, tras un período de eleições sindicais que deparou variopintos resultados para umas e outras opções— temos que a um mes vista do IIº Congreso da CXTG inicia-se uma fantasmal e obsesiva campaña na prensa espanhola

(e na menos espanhola) com a mensagem de fundo de que "Las centrales nacionalistas se fusionarán antes de 1990". A ninguém se lhe escapará, doutra banda, que estamos em pleno maremagnum propagandístico desse "Proxecto común" dirigido a todo o "nacionalismo" (Fichte, Arana Light, chauvinismo em baixas) que já recebeu, tenho entendido, uma primeira adesom: a do alcalde de grosso historial na-

cionalista de Lugo, D. Vicente Quiroga. Noraboal!

Qualquer pessoa com o coração á esquerda do peito —que é onde deve estar— tem que aspirar a essa unidade dos trabalhadores galegos numa central única galega. Pero prévio a esse horizonte de unidade orgânica, é de sentido comum pensar numa prévia unidade real, uma unidade de açom cotidiana, de trabalho cóvado a cóvado nas distintas plataformas e conflitos que é onde realmente se cobra confiança mútua e se forja a uniom. Outros, por suposto, preferirán actuar en clave eleitoral, construir uma unidade burocrática de arriba a abaixo: a simples força dos numerinhos nos recontos eleitorais de cada quatro anos. Essa atitude nom é nada novedoso; pero a clase trabalhadora —que nom o esqueçam— nom se autodetermina num papel, nem numa furna.

Mentres, e já desde a posição interessada de membro da CXTG-IN, só me resta pedir a essas fantasmias instâncias que cequem no seu intento de se imiscuir no processo soberano desta central cara o seu II Congreso; que o tema de maior expectativa (sic) será o da unidade burocrática CXTG/INTG para o Bloque ou seja o de asentar na faz da Galiza um modelo sindical amplo, democrático, combativo e sem ataduras.

JULIO BÉJAR
(A Coruña)

AGLI OU ACLI?

Apareceron nas páxinas de case todos os xornais galegos unhas curiosas siglas, que se dician defensoras da liberdade idiomática gravemente atacada neste país. Facendo emprego da coñecida teoría lingüística, na sua estrutura superficial denominábanse "AGLI" (Asociación Gallega para la Libertad del Idioma), pero na sua estrutura profunda chamábanse "ACLI" (Asociación Coruñesa para la Lengua del Imperio). O único apoio que recibiron polo de agora foi do xornalista de "La Voz", Carlos Luis Rodríguez; seguindo un xornal galego, asalariado (e non demasiado mal, abofé) do Concello de A Coruña, que xa sabemos todos as simpatías que sente pola lingua de Curros. Carlos Luis Rodríguez fala de facer política lingüística dende a realidade do século XX: ou sexa, desde a diglósia e o abuso que aínda segue a exercer o castelán sobre o galego(...)

Pero vaíamos coa AGLI. Eu non lle daría demasiada importancia se non fose pola influencia que estas siglas máxicas poden exercer para os desinformadores ou as "vítimas-da-desinformación". Fixemos ben: "... para la Libertad del Idioma". Levamos cinco séculos na Galiza sen liberdade lingüística algunha, e xusto agora, que é casualmente cando máis liberdade hai ca nunca antes na historia, xorden estes Meías libertadores. Cumpriría perguntarse onde estaban estes señores cando o galego era unha

língua proibida en case todos os eidos sociais, e onde estaban daquela as suas inqedanzas "por la Libertad del Idioma" (sic). O bo deste pequeno país é que xa nos coñecemos todos, emporiso, aos máis danos riso, cando non noxo, escoitar a certos individuos facer uso do término "Libertad del Idioma", e non estaría de máis repasar o historial dalgun deles en matéria de liberdade idiomática.

O peor xa non é esa triste ironía. O peor é que, non contentos con tentar de perpetuar eses privilexios lingüísticos que eles disfarzan de "direitos", atacan aos dereitos dos demais a empregar a nosa língua, dereito reconecido no Estatuto de autonomía. E, deste xeito, queixáxense polo feito de que alguns centros sanitários de A Coruña empreguen o galego nas suas sinalizacións. Abofé que non estaría de máis estudar as consecuencias xurídicas que podería conllevar tentar que alguén desista de facer uso dun dereito de seu. Xa non é, pois, que non defendan liberdade ningunha: é que, aínda, están empeñados en cargarse a liberdade dos demais cando esta non lles convén. Doutra banda, aínda non os escoitei queixárensese polo feito de que en áreas galego-falantes os nenos reciban os seus primeiros ensinamentos en castelán, cousa que é case xeralizada en toda Galiza (...)

Falan, doutra banda, de "liberdade de elección" da língua. Con perdón, non me fagan rir. Para que haxa liberdade de elección do que sexa, hai que coñecer ben as cousas entre as cales se vai elixir. Xa que logo, non pode haber liberdade de elección da lingua cando non se coñecen as dúas línguas por igual; obviamente, e condicionado polo feito de coñecer unha só lingua, calquera ser humano escollerá só aquela que coñece. Iso é coma se me falan de liberdade de pensamento, e resulta que eu só coñezo as teorías positivistas. Por narices, eu serei positivista. Se vostede aos seus fillos non lles queren proporcionar o coñecemento do galego están atentando gravismente contra da sua liberdade idiomática, e son vostedes e ninguén máis que vostedes os que impoñen pola forza unha língua aos seus fillos. Espallan o problema á sociedade galega: Hai un clarísimo predominio do castelán sobre do galego, e ademais, por razóns de auténtica ditadura lingüística. E é a partir desta situación dende onde queren vostedes falar de "liberdade de idioma", amparados por Carlos Luis Rodríguez? Como se ve, o absurdo é impresionante.

Deixemos de enganar e confundir á opinión pública: vostedes temen que, coa progresiva normalización do galego, rematen os seus privilexios (que non dereitos) lingüísticos, e o mesmo tempo, que os seus fillos, ao teren coñecemento de ambas e dúas línguas, opten por escoller o galego, como optamos a imensa maioría dos que coñecemos as dúas línguas tanto na fala como na escrita. En resumo: vostedes téñenlle medo a esa liberdade de idioma que falsamente din defender.

RAMON LATAS ESPÍNO
(Pontevedra)

VOSTEDE TAMÉN PODE SER ACCIONISTA

A ampliación de capital de Promocións Culturais Galegas S.A., pola cantidade de 10.635.000 pesetas, segue a sua marcha.

Vostede tamén pode ser accionista pódose en contacto con


Xosé F. Puga
Telf.: (986) 43 38 30

A NOSA TERRA

Comeza o curso e chega o consabido problema dos libros de texto. O ordenamento tantas veces esixido para que se cumprira a lexislación que obriga a unha continuidade nos textos en varios periodos escolares, o encarecemento progresivo dos libros e unha maior oferta editorial xera problemas a alumnos, profesores e reordena o campo das propias casas editoras. E falamos só do libro galego.

A redistribución da cuota de mercado dos libros en galego está sendo ocupado polas editoriais de fóra do país. Iso é o que se pode deducir —aínda sen que rematase o exercicio deste curso que comeza— á luz dos datos que se manexan. Se no curso 85-86 Xerais tiña un 59 das vendas, fronte ao 17 de Anaya, como maioritarias no sector, o pasado ano xa rexistou unha maior igualdade: Xerais ocupaba un 34%, Anaya un 32%, Santillana un 6%, SM/Galaxia un 14 e Via Láctea perto do 8 (sempre en cifras estimativas). A tendencia que se observa neste curso é semellante á do ano pasado aínda que Via Láctea parece que pode incrementar a súa presenza.

Duas editoriais galegas teñen no libro de texto un dos centros de atención e financiación fundamental: Via Láctea e Xerais. No caso da editoria coruñesa o seu espectacular tirón, ademais da orixinalidade dalguns dos textos presentados —que case funcionaron como *best sellers*, como os "Exercicios de Lingua"— vincula parte do seu éxito a non seguir as normas oficiais en materia lingüística, conseguindo o apoio dun importante sector do profesorado. Xerais pola súa banda —cuxa primeira publicación fora, precisamente, un Dicionario Básico, dirixido a estudantes— ten unha importante dependencia do funcionamento comercial das súas edicións escolares, e ademais é a editorial con máis amplo catálogo neste terreo. Galaxia empezou hai poucos anos asociándose con SM, e os rumores apuntan a que Santillana vai asociar o seu selo a Sotelo Blanco para o próximo ano.



XURXO S. LOBATO/ARQUIVO

Cada vez collen máis mercado do libro de texto en galego as editoriais de fóra

Sostén fundamental para parte da industria editorial galega

Textos parciais por áreas

Só Xerais, como apuntabamos, cobre todas as áreas de Lingua e Literatura tanto na EXB como BUP. Na EXB Anaya, que agora empeza coa serie Xilgaro xa de elaboración no propio país, ten xogado coa tradución dos seus textos en español, con pequenas adaptacións, co cal —e ademais pola potente industria que representa— abarata custes e edita máis competitivamente. En BUP, só Xerais ten textos en Lingua para todos os textos, absorbendo un 80 do mercado e un 64 en COU.

Por outro lado dous aspectos inciden na inestabilidade deste mercado do libro escolar. Se a obrigatoriedade de que os textos permanezan sen ser muda-


dos durante catro anos (agás no ciclo inicial) fose efectivizada, poderíanse planificar, case sen variabilidade, as edicións a facer. Pero o non seguimento das autoridades académicas e a intensa presión comercial das grandes editoriais, entre outras razóns, provocan continuos cambios nos libros de texto.

Outro aspecto importante foi a escasa articulación da orde para que se fosen introducindo dúas asignaturas en galego no BUP. A incertidume co recurso constitucional, a falla de obxectivos ano a ano para conseguir a implantación, dan en que só haxa un texto para 1º de BUP de Ciencias Naturais/Sociais e o resto do panorama esté deserto e sen ninguén que poda ou queira arriscar en editar textos que axudarian a aumentar a inci-

dencia do galego en asignaturas que non sexan da área de lingua.

As leituras obrigadas

Outro campo onde as editoriais afinan o seu traballo é o das leituras recomendadas. Neste terreo, e coa liberdade imperante, para os clásicos da literatura galega Galaxia levárase a palma co seu case exclusivo monopólio sobre certos autores. A penetración da literatura contemporánea dá máis fluidez a outros selos, e a liberdade de edición dos autores de fins do XIX e dalguns do XX, foi aproveitada tamén por Via Láctea e tamén Xerais. Quen practicamente non entra neste terreo, nen en nengun ligazón á escola, sería Edicións do Castro, o que só confirmaría a súa atipicidade. □



Unha foto de Salgado en Cuba. Publicouna Life en Agosto.

■ **Sebastião Salgado**, o fotógrafo brasileiro que vai ser unha das figuras da III Fotobienal (Vigo 28 de Outubro-30 de Novembro), vai estar fotografando no noso país os traballos relacionados co marisqueo e a pesca da sardiña, dentro da reportaxe que está a realizar por todo o mundo sobre o fin dos oficios manuais e a entrada dunha nova era industrial. Parte do material que agora elabore e o realizado no pasado Xullo vai estar pendurado na cidade viguesa, no maior acontecemento fotográfico do ano. □

■ **Os lectores serán xurados** dos Premios Xerais e Merlin que se van falar o próximo 12 de Novembro na tradicional cea que a editorial organiza no Parador de Baiona.

Co lema "A forza dos lectores", que son quen deciden soberanamente nos alzadoiros das librerías se lles gusta ou non un libro, Xerais aporta unha novidade nos premios literarios galegos ao poñer nos xurados deliberadores a *simples* lectores de libros. No Xerais de novela, e con Méndez Ferrín na secretaria do premio, serán Pedro de Llano (arquitecto), Berta Piñó (médico), Antón Vilasó (libreiro), Roi Alonso (avogado) e Luis Álvarez Pousa (xornalista) quen decidan quen dos autores das 18 obras presentadas leva o millón de pesetas de dotación.

Para o Premio Merlin, de narrativa infantil, Francisco Fernández Rei (profesor), María García Yáñez (profesora) María Rábade Villar (estudante) e Rafael Varela Sánchez (estudante) son os xueces das 18 obras presentadas. □

■ **Otero Pedrayo é o centro** dos debates que teñen lugar no Pazo de Mariñán baixo o título de "Os nacionalismos na Segunda República (1931-1939)". Os organizadores apuntan a intensa actividade política nacionalista de Otero nese período histórico como un fundamento dos coloquios "ademais de non se ter feito reunión científica algunha de carácter estatal para estudar e discutir conxuntamente a cuestión nacional no estado nese período". □

■ **Concurso Nacional de Poesía Nova.** A Agrupación Cultural "O Facho" de A Coruña convoca un concurso poético para autores sen obra individual publicada en galego. A dotación é de 50.000 pesetas e os orixinais deben chegar a "O Facho" (Federico Tápias, 12 - A Coruña) antes do 1 de Novembro. □

Nova gramática para a aprendizaxe da lingua

A primeira na normativa dos mínimos reintegracionistas

Na próxima semana sairá a intitulada "Nova Gramática para a aprendizaxe da lingua" que edita Via Láctea no interesante proceso de cooperación que a editora mantén coa Asociación de Profesores de Lingua e Literatura. Responsábel da coordinación dos textos de apoio ao ensino a A.P.L.L. encomendou a varios autores a elaboración da primeira gramática de mínimos reintegracionistas. Xan Carlos Rábade e Xan Costa, entre outros, ían manter un criterio non frecuente mas necesario na metodoloxía de traballo ao non ofrecer o resultado de aportacións

individuais senón a depuración de ponencias debatidas en comisión.

Se toda gramática é un código para a aprendizaxe da lingua a "Nova Gramática" está especialmente concebida para cumprir esa función, no deseño gráfico mantense unha diagramación propia dos libros de texto escolar, nen por iso resta interese para os lectores alleos ao mundo do ensino.

Estruturada en vinte temas (O Pronome, O Verbo, O Adverbio, A Sintaxe, A Fonoloxía, A Morfoloxía, A Sintaxe...) introducidos por unha A presentación na

que son esclarecidas as intencións e métodos seguidos, e complementada por tres apéndices (Ortográfico, Lexical e un cadro esquemático no que se compara a normativa oficial coa de mínimos reintegracionistas) e aínda un Índice de formas gramaticais. A Gramática aparece fundamentada na gramática tradicional mas sonlle engadidos criterios modernos asumidos actualmente que aínda non estaban sistematizados en moitos dos corpus gramaticais publicados. Os autores introducen certas novidades, definicións e clasificacións, á maneira de pro-

posta superadora de criterios que non poden ser mantidos na actualidade.

A editora Via Láctea debe seu éxito en boa medida á "transgresión" da normativa oficial, coa saída da "Nova Gramática" semella consolidar non só o criterio de apoio á tendencia lingüística reintegracionista tamén aos colectivos de ensinantes como a A.P.L.L. en boa lóxica o próximo paso debora ser a edición dun dicionario na normativa que agora consagra esta gramática. □

A.M.

EMÍLIO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

DARÍO XOHÁN CABANA

Se algunha palabra houbera para inventar agora para aplicarlle a Emilio Álvarez Blázquez e dicila súa condición, esa palabra sería **finura**. Pero como acabamos de inventala, non hai nela ningunha desas connotacións artificiosas que o mal uso lle deu á súa homógrafa máis coñecida, tan empregada para describir cualidades moito máis vulgares e triviais das que queremos resaltar en Emilio.

Aquel home era fino de seu natural, como pode selo un carballo que medra dereito ou un xungo florido. El non podía ser doutra maneira, porque tiña un interior fermoso e cristalino que á forza había de transparecer na súa actitude, coma unha bolboreta aprisionada polo ámbar.

Era un gran poeta, e esto quizais o sabiamos moi poucos, porque estamos afeitos a admirar outros que se dan máis a valer. Emilio escribía para si e para uns poucos amigos, e non ansiaba para os seus versos a divulgación da imprenta. Parece un milagre que un poeta sexa capaz de escribir durante corenta anos e non publicar máis ca un verso aquí ou acolá. Emilio fixoo. Publicou os **Poemas de ti e de min** en 1949, e só cerca da fin da súa vida nos deu ese breve e maravilloso volume que é **O tempo desancorado**; e eso —polo que me parece— premido por algúns achegados a quen agradezo que vencesen a súa connatural desidia pola publicación.

E con todo, non teño coñecido xamais un poeta que vivira máis en poeta. Era unha maneira súa de entender a vida. El, que de neno quixo se peón camiñeiro e terminou en funcionario consular, tiña un xeito único de amalas cousas pequenas e grandes que se ofrecen ás beiras do camiño da vida. E tampouco non coñecín nunca unha persoa máis capaz dunha calada amizade que ti sabías que te envolvía e te acariñaba. Eu go-

cei desa amizade hai moitos anos en Vigo, e seguí gozándoa a distancia na memoria, aínda que o final xa mesturada coas terribles noticias que del recibía. E cando saíu o seu derradeiro libro —o seu segundo libro e primeiro en certo modo, pois os **Poemas de ti e de min** foran a medias co seu irmán Xosé María—, eu quixen saudalo e escribinlle unha certa pública no *Diario de Galicia*. Poucos días, poucos, faltaban xa para a súa morte, e aínda Emilio quixo darme outra proba da súa calidade tan xentil e cordial. Xesús Alonso Montero leulle a carta no

hospital —el xa non podía—, e o mesmo día da morte recibín carta de don Xesús dicíndome e que Emilio chorara. O seu ancho e fermoso corazón conmovérase unha vez máis co recordo daquel rapaz que fora seu amigo.

¿Quen coma Emilio podía dicilas cousas sen dicilas, tanto nas palabras de cada día como no verso? Os seus poemas parécense o lume, e digo por qué. Un séntase o carón dunha fogueira no lar un día de inverno e fica estantío mirando para as lapas. Pouca cousa son as lapas,

**'NON TENO
COÑECIDO XAMAIS
UN POETA QUE
VIVIRA MÁIS EN
POETA. ERA UNHA
MANEIRA SÚA DE
ENTENDE-LA VIDA'**

e coñécese perfectamente o seu por que e o seu como, non hai segredo ningún na súa formación. Sen embargo, un segue mirándoa e remirándoa e admirándose de encontrar dentro delas tanto mundo e tanto soño.

Tal son os versos de Emilio, compostos de palabras comúns veñen nos dicionarios coma tódolos versos do mundo, e non obstante a través deles vemos cousas infundas, solpores doutro tempo, angustias e alegrías. Tal como o lume é máxico, son máxicos estes versos sinxelísimos onde parece que non hai nada estraño e que de pronto, sen saber como, nos prenden de maravillas sen número. Por eso estes pouquisimos poemas que a súa incuria nos permitiu coñecer e gustar comúnmente forman un dos máis fermosos tesouros das nosas letras, e creo que durante moito tempo haberá persoas que se gocen neles e se sorprendan un pouco de encontrar tan pouca mención do seu autor nas historias da literatura.

A vida de Emilio estivo certamente ben chea de angurias, anguras que o acompañaron teñazmente deica a fin dos seus días. Pero el nunca permitiu que as desgracias lle encalceseran o corazón e sempre conservou, paréceme a min, unha certa condición anxélica que me facía sospeitar que non era enteiramente deste mundo. Agora xace na súa derradeira morada. Deste lado quedan os seus versos, queda a memoria —fugaz tamén por lei de morte— daqueles que o coñecemos. Da outra banda el cría noutro mundo no que eu non creo, pero que ben desexaría que houbera para el á medida do que el puidese imaxinar. Ben sei que nese mundo Emilio tería a máis alta profesión de todas, que é a de peón camiñeiro, e que cando a calor apretase pousaría a roda ou o picachón co mango para arriba, poñería a pucha enriba del e deitárase a unha sombra cunha flor entre os dentes, escoitando o rechouchio dos paxaros e soñando versos en louvor deles. Nese mundo que digo non hai enfermidade nin morte, corren ríos de mel e viño e leite, e mazairas de cristal ofrecen o seu froito en todo o tempo. □

PEPE CARREIRO

EN GALICIA, EN GALEGO E CON XERAIS

Novas CANLES para a nosa lingua

CANLES, a nova serie de "Edicións Xerais de Galicia para EXB, é un conxunto de libros que significan un sustancial avance na didáctica da lingua.

A serie CANLES, estruturada como un todo unitario, de 1.º a 6.º, foi elaborada e traballada por un verdadeiro equipo, ó longo de tres anos, e tendo en conta os resultados dunha enquisa efectuada entre unha mostra de profesores de EXB, a quen pedimos manifestase os acertos e as eivas que atopaban na serie anterior -O Noso Galego-.

Esta serie pretende abrir novas CANLES para a expresión e a comunicación.

A destacar, como básicos da serie CANLES:

- * Primacia da metodoloxía inductiva. Gran número de actividades.
- * Importante atención ó traballo co léxico.
- * Especial atención á imaxe.
- * Tratamento non sexista.
- * Atractiva e rigorosa selección de lecturas.
- * Equilibrio entre tódolos aspectos que configuran a área de lingua.

Abrimos novas CANLES para a nosa lingua



edicións xerais de galicia



somos coñecidos na Galiza inteira, pola nosa especialización en libros galegos e portugueses

República
Praza do Libro El Salvador, 9
Tel. 26 63 77 Tel. 56 58 12
A CORUÑA SANTIAGO

A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

SUBSCRÉBASE

CHAME AO TFNO.
43 36 24
E RECÉBAA NA SUA CASA

LIBROS

Manuel Maria,
entre o amor, a
lembranza e a
nostáxia

Tras moitos libros de poesía combativa, comprometida, concienciadora, incluso conxuntural, Manuel Maria estános a ofrecer nos últimos anos unha poesía que revela un retorno ao seu pasado e ás súas paisaxes máis íntimas, unha poesía de expresión emocionada, esencialmente lírica e esteticamente de grande altura, e que amosa, por outra banda, a plenitude e a consolidación dun discurso. Hoxe podemos afirmar que na década dos oitenta logrou, despois de cultivar múltiples temas e diversos formas, unha poética máis de seu, máis inconfundíbel, unha poética que pón de manifesto —para os que aínda non o teñan claro— o excelente poeta que é "O Barbas" da Terra Chá.

Ese discurso ao que nos estamos a referir alcéndese, na nosa opinión, no libro "Poemas ó Outono" (1977), fáise labarada nos "Poemas da labarada estremecida" (1981) e acada a súa maior fortuna literaria —até o momento— no poemario "A luz resuscitada" (1984), para nós, sen dúbida algunha, a mellor obra de Manuel Maria.

A súa última entrega saeu do prelo en "Vía Láctea" e baixo o título "As lúcidas luas de Outono". Trátase dun libro de preto de cen poemas, agrupados en sete monillos: *Odes pra receber á Primavera*, *Eglogas pra educación das anduñas*, *Elxias pra inaugurar un novo Outono*, *Sonetos de amor e vida*, *As indecisas cancións do desamparo*, *As xeifas da deslembranza* e *Requiem pra iluminar unha lembranza*.

Nesta nova obra, Manuel Maria revela a continuidade formal e temática doutros libros anteriores. Tamén aquí temos a mesma expresión e os mesmos eixos temáticos. O Patriarca dos Poetas da Terra Chá segue a proclamar nunha arquitectura calma e clara que non hai vida sen poesía, sen palabra, sen encantamento, sen sabiduría, sen entusiasmo, sen viño, sen a natureza, sen a cidade amada, sen alegría... E continua Manuel Maria coa súa lembranza nostáxica, coa súa visión evocativa, co seu amor carnal, coa memoria vida va nai, co Outono sempre ao fondo ("O Outono é unicamente quen nos dá / lucidez, equilibrio e perfeición"). E non falta na obra, por suposto, o Manuel Maria panteísta, o poeta que ama a terra, o poeta que se comunica con ela e con todos os seres que a poboan. Manuel Maria, como don Ramón Otero Pedrayo, é un escritor extraordinariamente sensíbel á natureza e ao mundo labrego. O seu vencellamento á terra é total, absoluto, e pono de manifesto en versos como os que seguen: "Metémonos de cheo na paisaxe. / E á paisaxe entra en nós...". "Dende hai moitos anos coñezo e teño / amizade co vento do Cantábrico...". "Gustariame ser follas dunha vide ou dun carballo...". "As lembranzas son mellos cantadores / no máxico e estrano carballo / que son eu...". Mais onde a visión panteísta está máis presente é no conxunto de poemas adicados á nai: "¿Qué ceos lle deron, aos teus ollos, / o seu azul? ¿Qué montaña lle cedeu, / aos teus



Manuel Maria

hombreiros, a súa suave / e graciosa inclinación? ¿Que penedo / ou carballo che entregaron entreteira...". "A terra todopoderosa / mandaba en ti. E obedecíache". "Eras —e sabíaste— unha / fermosísima cerdeira en sazón / e plenitude. Florecíche. / E eu fun, un día, a froa daquela". "E eu fun un día, a froa daquela / nacida no teu corpo de cerdeira". "Eu era a fleve follas, á que facían / vibrar todos os ventos, rumor de regueiro namorado, raioliña humilde... / salouco inocente e virxinal, / pinga de orballo tremelante, / esaita camélia desfolhada / e folerpa de neve...". "Eras un grande carballo poderoso: as tuas / robustas ponlas protexíannos...". "Marchache pra fundirte e confundirte / coa terra e o máis alá...". "Non hai non, outro destino / nen mais eternidade trascendente / que o de ser herba, roseira, nube, / cecáis apaixonado chío de calandra...".

Enfin, un libro povoado de riqueza, de espléndidos poemas como a *Canción do paxaro adolescente*: "Soño de seda e luz feito cristal; / raioliña máxica da lua; / melodia da brisa cantadora; / prodixos de delicadez sotil, / case irreal; alén soñado / das melancolias e nostalgias; / única, pura e fiel lembranza / do edén perdido xa pra sempre; / jouh perfecto paxaro adolescente / que, eternamente, cantas / no ser inmortal do noso amor!". Outra marabillosa composición é a seguinte: "As lembranzas son mellos cantadores / no máxico e estrano carballo / que son eu. Pétalas da imposible rosa que morre / cada alba pra rexurdir perfecta / nos roibés estasiados do sopor. / Brisa solermeña e silandeira / que nos fuxe das maus / deixándonos un oco / que ninguén encherá endexamais". Así, da alta calidade destes versos, é todo o poemario "As lúcidas luas de Outono". □

M.L.F.

TEATRO

A Gadaña ou a ceifa do teatro

Inserido no programa de festas da cidade coruñesa e fóra do limitado e coutado por valados¹⁾, tivemos oportunidade de mirar o fracaso dun ensaio (sic) de teatro por conta do colectivo localatário "A Gadaña". Nos abertos espazos da praza Pablo Iglesias, no corazón dun bairro de camadas populares, nunha ágora que mellora un entorno monótono —extraña cousa no meio da plaga de despropósitos do faraón— e nunha tépeda hora nocturna

agosteña, foi que acollimos a representación da obra "Soamente se vive unha vez"²⁾.

O espectáculo, sobrado de actores, dezaseis, pretende chegar a ser teatro-cabaret segundo as pautas deseñadas no Berlin pre-nazi, pero semellante 'thriller-cabareteiro', na adxetivación propia do grupo, morre na subxectividade do seu plantexamento irreal. O desenvolvemento representativo en *sketchs*, que acostuma ser un recurso de axilidade expresiva no teatro, na obra que nos ocupa cai por si mesmo en simples anécdota. O ambiente de barrios baixos non casa cos diálogos e inda máis, está vazio de calquer contido ou análise obxectiva, a pretendida ironía e a promesa que se nos fai xá de primeiras de que imos estralar en incontiveis gargalladas converte-se en ensaio fallido. Todo o mais e sendo sobexivamente xenerosos fai-nos arrincar risadas breves co seu humor (dixen humor?) que non aporta novidades. A mecánica percorrida de inumeráveis efectos especiais provoca os mellores, ou en xustiza subliñaríamos 'menos maos', intras teatrais, pero a grande distancia de outras representacións con meios e recursos máis cativos, e xá non digamos a séculos luz do teatro catalán, de sempre fornecedor de efectos que contáxian o interese e o dinamismo no público.

Nen a arte da comédia nen a arte musical posúen niveis óptimos até se producir un absoluto desequilibrio entre o texto e a inventiva dunha errada posta en cena. A obra debate-se na confluencia da realidade e da ficción e remata a se converter nunha indefinición de propostas banales. "Soamente se vive unha vez" non vai ser teatro de éxito, se acaso e tendo en conta a minoría de idade e a minusvalía da dramaturxia na nosa nación, chegará a se promocionar através dun dos circuitos que se artellan desde as institucións gallegas sen criterios definidos. Nós, se o acontecemento ocorrixe, aconsellamos ao lector de ANT que non tire co tempo, proveite a noite nunha tertulia ou no sosego dun libro de teatro. □

MIRO VILLAR

(1) Aproveitamos a fazer denúncia do cerramento da praza de Maria Pita

(2) "Soamente se vive unha vez", dirixida por Xoán Sanmartín con coreografía e cena de grupo e unha iluminación de 8.000 W

TELEVISION

A nova
programaçom

O mais salientábel desta nova maneira televisiva, é a continuidade das emisions desde o seu inicio ás 12 da manhá até o seu encerramento á avanzada hora da umha da noite. Este amplo horario (91 h. semanais) enche-se

com novos programas e muitas reposiçoms, pouca programación propia a pesares da pomposidade das cifras oficiais que son o resultado de manipular os dados reais. O nº de filmes passa a ser de nove á semana (desaparece a "versom castelhana"). Todos os días ás 16 h. hai **Sesom Continua**, películas e horario que semellam pensados para lutar por lograr que alguem abandone os video-clubes. As liñas gerais son as mesmas que já marcara a actual equipa directiva para a primeira metade do ano, em palavras dos responsábeis da casa, "busca-se consolidar e aumentar a audiencia, sem por isso esquecer os fins institucionais". Nas propias palabras de Gerardo Rodríguez a A NOSA TERRA "Temos que terem em conta que nos enfrentamos à melhor televisão do mundo". Disso deduzo que a TVG deve estar altíssima no "ranquing" e tam má como a melhor do mundo.

Reponhem-se entre outras, séries como **A Duquesa da Rua do Daquel** 12,15 h. de luns a venres. **Namorada** passa a hora da digestom e pronto terá substituta. O velho **Entre Nós** nom volve, mas temos **Viver aqui** (13 h. de L.A.V.) que é o **Entre Nós** dalgunha das suas etapas, conducido da maos de Antom Galocha. E para que se nos afaga o estomago e o espirito ao que nos depara o TX-1 antes está o pacífico violento, **Kung Fu**.

De 20 h. até o TX-2 **Dallas** série da que se mercaron novos episodios.

A Noite do luns temos **Longmetraje**. O do martes **A Gamatrago** e **O valedor**, a do mércores **Os foragidos** e **Mesa reservada**. O xoves **O Grande Casino**, Venres a estrela da casa **Venres Show**. **O Valedor** e **O foragidos** pertencem a essa coleçom de tele-filmes americanos cheia de ideologia reacionária, e violéncia incivil degradante, a que tam afecionados som em Sam Marcos.

A programación infantil é de castigo, cheia de reposiçoms, falta de critérios e de escasa duraçom.

Nos informativos destaca **TX fin de semana** que se amplia a unha hora, e os catro adiantos informativos diários. O sábado e domingo temhem o mesmo número de horas de emisom do resto dos días. Abrese o sábado com **Os Pitufos** (ás 13 horas), a seguir temos **O Home e a Cidade** cum grande actor: Anthony Quinn. As 15h. 30 m. **Cinema de tarde**, logo o excelente programa **Tres por Catro**, e essa noite ás 23 h. **Telecinema**. Se o filme non tivo sangue, nom vos preocupedes, tendes a continuaçom **Quadrilátero**. Os domingos comezom com **misas**, a seguir **Pinocho** para entrar já no desporto **Tempo de Jogo**, na tarde **Supersporte** encerra o día o **Em Jogo**. Graças aos acordo TVG-Liga, nom faltaram partidos de futebol nes-

te Outono.

Nos espacos informativos ingire-se tamhem **Europa**, (luns 21.30 já que non se pode esquecer a vocaçom europeia da Galiza, em palavras da casa, que seria algo assim como esqucer a vocaçom piscicola das sardinhas. **Parlamento** sábado ás 14 horas. **Galiza no Mundo** (sáb. 22.30). **Enfoques** que o programa dos grandes reportagens (sáb. 21.30).

Os venres as 18.30, hai un novo programa **Arestora** que é outra espécie de **Entre Nos** da maos de Fidel Fernam. Por certo a que castigos condenaron a Gayoso, que nom aparece por nengures nesta programación, e Gayoso sem ser nada do outro mundo é bastante superior en condiçoms á meia dos que andam pola casa, espero que ese retiro o use para olhar os videos do seu trabalho e aperfeizoar-se. As 22.30 dos mércores temhem **Mesa Reservada**, tranquilizante de estomagos e conciéncias tras **Os foragidos**, e programa é outra versom do **Venres Show** de que tanto gostan os directivos da casa.

José A. Perozo, conduce **Espazo Aberto** (sáb. 19 h.), que virá a ser algo assim como os **Encontros** "distendidos".

Como programas divulgativos están **Saude e Consumo** (sáb. 12.30) e esse mesmo dia **Fauna** às 15.30, que é o único espaco dedicado á natureza.

No tema da Cultura hai dous programas **Extramuros** (Joves 23.30) para traernos feitos culturais salientábeis que sucedem fóra da Galiza, e **Tragaluz** ao que se lhe destina essa magnífica franja horária que vai das 0.30 a 1 h. da noite.

ANT preguntou aos responsábeis da casa polos "critérios que marcam a programación cultural, e cales som os seus obxectivos" A resposta foi de que nom entendiam a pregunta. Aclarado o sentido da mesma, que a TVG deve ser un elemento fundamental da normalizaçom do país e a projecçom da súa cultura, que dar imago do seu quefazer dum jeito satisfactorio é importante, contesta Gerardo Rguez, que "nom se pode estar sempre sacando carros de vacas". Engadindo máis adiante que "por suposto a TVG nom vai ter as ideas politico-culturais (a que se refirirá?) de A-Nosa Terra". O Sr. Abilio sem resquemores de má ou boa conciéncia, colheu a palabra e passou capitulo aos esforzos normalizadores em materia lingüística, sinalou que temhem em plantilla catro linguistas e um contrato com o Conselho de Cultura Galega para supervisar o trabalho das companhias de dobrage, (por fim sei de algo do Conselho de Cultura), e do grande esforzo da Direcçom Geral de Política Lingüística, consciéncias como som das suas caténcias.

Na nova programación falta totalmente o humor, e é todo um sintoma a supresom e despedido intempetivo de todo o que dava vida ao programa **SOS**, e do espirito censurativo que governa na casa.

A nova programación poderiamos-la definir como "Light", pouco comprometida com o país, mais frouxa que da anterior etapa, de jeito que ainda se segue a lembrar a época do **Camarinhas** como a mais interessante e livre. Dizia en A Nosa Terra o lingüista "Txepetx": é importante que o que emitam os medios propios de comunicaçom seja positivo para esse povo e idioma, se se convertem em paráfrase da cultura domina-

(Passa á páxina 19)

CBA





VALOIS BRAUNS (URSS)



K. BARANSKY (POLONIA)



R. DOISNEAU (FRÁNCIA)



GUY MARTEAU (FRÁNCIA)



M. FUKAKE (XAPÓN)

PARA O BEN E PARA O MAL

PUBLICACIONES

Ith

A Asociación Cultural "Irmandade Céltica" ven de apresentar o terceiro número da revista semestral que edita e que está dentro dun programa de animación cultural para revitalizar manifestacións culturais xenuinamente galegas, recuperar as tradicións célticas e afortalar a nosa identidade como galegos.

A Asociación ten por obxecto de estudo para a Asociación Cultural son a base antropolóxica de cada país celta e as semellanzas etno-culturais destes povos, o medio ambiente, a orientación atlántica do país...

Neste terceiro número trabalo sobre os monxes celtas (Alonso Romero), Cultura Popular (Xásaga), A Gaita (Romero Copo), Asterix e a historia (Bieito Seivane), A mitolo-



xia en Pondal (F.F. del Riego), Ecoloxia (Rios Camacho), O asturiano (Calle Carballeda), Edóvio: un teónimo galaico (I. Millán González) e unha entrevista con Antón Fráguas.
Pódese contactar con *ith* no Apartado 228 (A Coruña) ou Apdo. 129 (Marín).

ANUNCIOS DE BALDE

Auxiliar administrativa con destino definitivo na Dirección Provincial de Educación de Madrid, nivel 9 **desexa permutar con praza** do mesmo nivel na Galiza. Chamar ao (91) 435 74 33 ou (986) 30 30 97.

Na delegación en Vigo da Asociación de Amizade España-URSS está aberto o prazo para o novo curso de **clases de idioma ruso**. Os interesados poden comunicar coa secretaria da Asociación no teléfono 22 44 57 de 5 a 9 do serán.

A nova programación
(ver a páxina 17)

dora ao final deixan de facer atractivo o propio. É a TVG actual é unha paráfrase dos mensaxes dominantes. Ante a TVG non hai orgullo de sermos nós propios.

Pérolas O Director do Departamento de Comercial, Francisco García Iglesias, enviaba os télex da nova programación aos *media* en Madrid e com grande lucidez traducía os

Alúgase **piso e chalé amoblado** en Sárnia (Lugo). Vistas panorámicas, 3 habitacións, salón, coxina e servizo. Tempada de verán. Interesados chamar ao teléfono (986) 25 39 48.

Vendo **extractor eléctrico de mel**, novo, para 4 cadros perfección ou 12 de médicas altas. Preço 50.000 Pta. Teléfono (986) 54.00.68. Preguntar por Manolo en horas de oficina.

Vendo **bicicleta BH** en bon estado. Teléfono (986) 25.39.48, de Vigo.

títulos dos programas ex: *A Contrahío* comunicava *A Contrahío* etc.

Outro día falarei polo miúdo da posta en cena da Toxa. □

CBA

Nota bene

Os filmes desta semana son: Venres 3º S. Continua "Fanny" de Joshua Logan.

Día 1 Outubro. *Sábado Cine* "Tintín e o templo do Sol" Debuxos. *Telecinema "Casablanca"* a versión de Bogart-Bergman, día 2 *Cine Domingo* "Dous policías comen" de Richard Bush, día 3 S.C. "O Conde de Montecristo" de David Green, *Luns Cine* "Trío Infernal" de Francis Girod, día 4 S.C. "A última vez que vim París" de Richard Brooks, día 5 S.C. "Os trampeiros de Alaska" de Tay Garnett.

CONVOCATORIAS

Certame de artes Plásticas "Isaac Diaz Pardo"

BASES

Primeira.—Dentro da política de apoio á creación plástica, a Diputación Provincial da Coruña convoca o seguinte Certamen de Artes Plásticas coa finalidade de axudar á formación artística de xente nova, fomentar e estimular a creación dun arte diferencial para Galicia, apoiando a modernización do arte galego e adquirir obra do movemento do arte galego.

A dotación do "Certamen" é de catro millóns de pesetas, destinadas a premiar e a adquirir aquelas obras que o Xurado considere destacadas.

Segunda.—Poderán participar tódolos artistas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, sin límite de obras, sempre que non teñans sido premiadas con anterioridade noutros concursos. Poderanse presentar obras de pintura, escultura, deseño gráfico e industrial, arquitectura, etc.

Terceira.—O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia e en dous dos periódicos de maior tirada da mesma.

Xuntamente coa instancia, cuo modelo oficial facilitarase pola Sección de Cultura e Deportes ou o Rexistro Xeral da Diputación presentarase a seguinte documentación:

1.—Copia do impreso de solicitude, que se devolverá debidamente sellada, como proba da súa presentación e dirixido ó señor Presidente da Diputación.

2.—Cinco fotografías en color de tamaño 13 18 ou 18 24 de cada unha das obras que se presenta.

3.—Ficha cos seguintes datos de cada obra:

- Fotografía á que corresponde.
- Título.
- Materiais empregados.
- Dimensións.
- Valoracións en pesetas.
- Fotocopia do documento nacional de identidade.

No caso de que a instancia ou a documentación fosen incorrectas ou incompletas, reclamaranse pola Sección de Cultura e Deportes as rectificacións necesarias. Si o erro non é correxido polo interesa-

do no prazo de dez días hábiles procederase ó arquivo do expediente.

Cuarta.—A vista da información gráfica e documental recibida, unha Comisión seleccionará hasta un máximo de cuarenta obras.

Dita Comisión estará formada polos seguintes membros:

—Presidente, o da Corporación ou persona en quen delegue.

—O Presidente da Comisión de Cultura, Deportes e Bienestar Social.

—Don Isaac Diaz Pardo.

—Un artista plástico, designado polo señor Presidente.

—Un crítico de arte.

—Un crítico de arte, designado polo señor Presidente.

—Un representante da Academia de Bellas Artes da Coruña.

—Secretario, o da Corporación ou persona en quen delegue, con voz pero sin voto.

Tódolos membros da Comisión o serán posteriormente do Xurado á que se refire a base seguinte.

A tódolos participantes comunicáraselles a preselección realizada. Debendo presentar ou enviar as obras seleccionadas ó enderezo, datos e condicións que se sinalen. Tódalas obras levarán ó dorso fotocopia do D.N.I. e unha etiqueta cos seguintes datos: Título, especialidade, técnica, nome e apelidos do autor, enderezo e teléfono.

Quinta.—Dentro dos quince días seguintes á finalización do prazo que no seu día sinalase para a recepción das obras, á que se refire a base anterior, reuniráse o Xurado, sendo o seu fallo inapelable. A adquisición de obras hasta 4.000.000 de pesetas realizarase por resolución da Presidencia, e dela darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria posterior.

Sexta.—A Diputación Provincial montará unha exposición que estará aberta ó público un mes e editará un catálogo onde figuren tódalas obras expostas, con especificación do autor, curriculum, título, técnica e dimensións.

O Xurado asesorará en todo aquilo que contribua ó maior realce da exposición e difusión da mesma.

Séptima.—Rematada a exposición, as obras presentadas personalmente polos seus autores, deberán ser recollidas polos mesmos previa devolución

do xustificante que trala presentación ou envío se les remitirá, no prazo de trinta días, ó lugar que se lle indique.

Trascurrido este prazo, a Diputación devolverá as obras non recollidas polos seus autores a través da Axencia que se estime convinte.

Octava.—A participación nesta convocatoria, supón a plena e total aceptación destas bases e a absoluta conformidade coas decisións do Xurado, sin dereito a reclamación ou recurso algun.

■ Premio de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester

Rexeráse polas seguintes Bases:

Primeira. Poderán optar ó Premio tódalas personas, calqueira que sexa a súa nacionalidade, con orixinais inéditos escritos en castelán ou galego.

Segundo. Otorgarase un premio indivisible dotado con dous millóns de pesetas, publicándose a obra premiada nos talleres da Imprenta Provincial.

Terceira. As obras presentadas a este premio serán de tema libre e constarán dunha extensión non inferior a douscentos pliegos mecanografiados a dous espacios e por unha soa cara.

Os orixinais presentáranse por quintuplicado e en exemplares separados, en tamaño DIN A4, numerados, debidamente grapados, cosidos ou encuadernados, baixo un título e un lema, acompañados de plica na que se fará constar o nome e apelidos, nacionalidade, enderezo e teléfono do autor.

Os orixinais deberán ser enviados á Diputación Provincial da Coruña, rúa Riego de Agua, nº 37 (España), indicando no sobre "Premio de Narrativa Torrente Ballester".

Quarta. O prazo de recepción dos orixinais rematará o día 30 de novembro de 1988. Os traballos que non teñan tido entrada en dita data, na Sección de Cultura e Deportes desta Diputación, serán devolvidos a súa procedencia.

Quinta. O premio será dispoñible por un Xurado constituído na forma seguinte:

Presidente: O da Diputación Provincial, ou Diputado en

quen delegue.

O Presidente da Comisión de Cultura, Deportes e Bienestar Social.

Un membro da Real Academia Galega, en clase de numerario.

Un membro da Real Academia Española da Lengua, en clase de numerario.

Un catedrático da Universidade de Galicia, designado reglamentariamente.

Secretario, o da Corporación ou persona en quen delegue, con voz pero sin voto.

Sexta. O Xurado reuniráse no prazo de dous meses a partir da data en que remate o prazo de presentación dos traballos. A reunión terá efecto no Pazo de Mariñán, Centro de Cultura da Corporación Provincial. Actuará en Pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesario para elo a asistencia de maioría dos dous tercios dos seus membros.

As súas deliberacións serán secretas. Da súa reunión, ou reunións, levantarase o acta correspondente, que extenderá o Secretario e autorizará este co visto bo do Presidente. Un exemplar do acta do Xurado pasará a coñecimento da Corporación na súa primeira sesión plenaria.

Séptima. O Xurado podera declarar deserto o premio, en cuo caso a súa cuantía será acumulable á convocatoria seguinte.

Octava. O fallo do Xurado será inapelable.

Novena. A Diputación Provincial publicará como libro a obra premiada e o autor percibirá a súa saída ó público, por unha soa vez, unha cantidade equivalente ó 5 do valor sinalado para a venda ó público da obra en tódolos seus exemplares impresos. Feita esta primeira edición, que pertencerá en exclusiva á Diputación Provincial, o autor recuperará integramente os dous anos da súa publicación, a propiedade e o pleno disfrute da obra.

Décima. Estas bases publicaranse no B. O. da P. e nos dous periódicos de maior tirada da mesma.

Undécima. A participación nesta convocatoria, supón a plena e total aceptación destas bases e a absoluta conformidade coas decisións do Xurado.



**NOVOS
TELÉFONOS
A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL**

**REDACCIÓN
43 38 86**

**ADMINISTRACIÓN E PUBLICIDADE
43 38 30 43 36 24**

**FAX
PROVISORIO
43 36 24**

TODOS OS
XOVES

**A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL
NO SEU QUIOSQUE**

A MARAGATARIA, UN POVO QUE MORRE

XOSÉ R. BARREIRO FERNÁNDEZ

Mais unha vez, nunha especie de pelegrinaxe emocional que me impuxen desde hai anos, recorri o camiño de Santiago, río arriba, desde as nosas fronteiras até a Maragataría. Polo vello camiño da pelegrinación e do comercio, iniciábase a ascensión en Molina Seca. Pásase polo Acedo, (a súa rua central é unha fervenza de pedras), por Manjarín, (un povo de alta montaña xa morto definitivamente), por Foncebadón, (queda unha familia adicada ao pastoreo), por Rabanal del Camino hasta Santa Colomba de Somoza, corazón e nervo desta Maragataría que sobrevive. Atrás quedaron, nas voltas do camiño montañoso, Compludo, coa ferreiría posibelmente máis antiga de España, Carracedo, escondido no borde dun outeiro e que é povo que recibe o primeiro e máis virxe sol de todos os días, Prada de la Sierra só habitado xa por un pastor (*El Maño*) tan simbiotizado coa terra que podes pasar ao seu lado sen te decatar da súa presenza, e atrás tamén quedan os rochedos, como apousados interinamente, ameazantes, que emarcan o comezo do inmenso Val do Silencio no que nen os paxaros, nen as feras nen o home son capaces de romper esa especie de harmonía cósmica feita de sol, monte, água, luz, verdor e, sobretudo, de imenso silencio. Un silencio aterrador.

A Maragataría é a vitoria do home sobre a paisaxe. En 400 Km² fóronse erguendo 44 povos que decruaron, domesticaron a terra até que comprenderon que era un traballo inútil, que non se sacaba das fames periódicas. Foi así como deixando a terra ao coidado dalgunhas (pocas) familias procuraron no comercio unha máis segura economía. O seu emprazamento entre Castela e Galiza convertíunos axiña nos monopolizadores do comercio terrestre pola rota central. Así xurdiu a arriería.

Investigacións recentes demostran que xa no século XVI arrieiros maragatos comerciaban coa Coruña. Apareceu nesta cidade unha lápida sepulcral coa inscrición "*Johannes Adresi Mercator*", cos dous símbolos xa tradicionais da arriería maragata: A bolsa e a tralla da récua dos mulos. Pero será nos séculos XVIII e XIX (primeira metade) cando o comercio maragato adquire unha importancia extraordinaria. Aínda que os intelectuais galeguistas do grupo *Nós* amosen sempre unha atitude belixerante contra os maragatos aos que acusan de avaros e doutras cousas, a realidade é que o maragato gozou sempre da consideración mercantil tanto pola súa fidelidade como pola seriedade nos negocios.

As distintas xeracións de arrieiros criaron unha cultura do camiño e da mesma arriería: un mobiliario sempre de nogueira, feito por expertas mans, con dibuxos



e aderezos inxénuos, e no que son pezas fundamentais as arcas ou arcóns (onde se gardan as roupas e as onzas) e os escaños da cocíña. Unha vestimenta hoxe xa codificada: as famosas bragas negras de raso, coa almilla, o cinto de coloríns con lendas, o chaleque roxo, as polainas e o sombreiro de ala. O xantar, (nas cartas de importantes restaurantes introducíronse algúns platos, como o *cóngrio ao arrieiro*, as cerimoniais máis importantes da vida etc.

Os importantes beneficios producidos polo comercio coa Galiza e Madrid, convertíron as vellias casas campesias en amplas moradas, sempre cun gran patio central, que servían de almacén, vivenda e cortes para os mulos. Foi así como se ergueu Castrillo de los Polvazares, un dos povos máis exquisitos de León, afortunadamente intacto, e centos de grandes mansións en Santiago Millas, Quintanilla, Luyego, Santa Colomba de Somoza, Rabanal etc.

Din os vellos que todo arrieiro ao comezo da súa carreira facía un xuramento ante a efixie de Pedro Mato, estátua que coroa o ábside da catedral de Astorga, e que posibelmente non representa a ningunha persoa en concreto senón ao *arrieiro maragato*. Neste xuramento inclúese a obriga non só de defender os usos da arriería senón tamén de non renunciar ao vestido maragato, esa especie de uniforme ou distintivo que os permitía recoñecer en calquera parte do mundo. Por ser fiel a este xuramento aquel gran arrieiro e gran señor, Santiago Alonso Cordero, de

Santiago Millas, puxo como única condición para xantar con Isabel II levar as súas bragas de raso, distintivo do seu povo.

Pero todo isto é historia. Hoxe a Maragataría agoniza. Un sabe os miles de anos que fixeron falta para facer unha erba, un animal, unha pedra, unha fala ou un povo. Por iso sinto tristeza cando morre definitivamente algo no mundo. Eu non sei o que sentiría Tovar cando nunha aldea da selva peruana recollía da boca case sen vida dunha velliña as derradeiras palabras dunha lingua que con ela morría para sempre. Algo desto sinto dentro de min cando vexo a agonía apresurada deste povo. Desde o outono, cando retornan en frivolas caravanas os últimos veraneantes para Madrid, A Coruña ou León, a Maragataría queda sumida nun mesto silencio. As portas pechadas. Cada inverno arrastra novos derrumbos nas igrexas sen culto. E a natureza vai comendo implacablemente os camiños, onte do comercio e da vida, hoxe do silencio.

Todo ten unha etiología: Unha economía orientada nunha só dirección, que non foi capaz de resistir a competencia do ferrocarril, que monopolizou a partires dos anos oitenta do século pasado todo o comercio, que tampouco foi capaz de xerar as formas comerciais substitutorias nen de crear novas perspectivas económicas, é claro que non podía sostener unha comunidade demográficamente vigorosa como era a maragata.

Os maragatos espalláronse por todas partes. Hoxe en Madrid en certa maneira acaparan determinados sectores, como son as pescaderías ou as carnicerías. Pero estos maragatos madrileños hai xa tempo que sacudiron o pó da terra dos seus zapatos. Por eso destrúen as casas petruciais para erguer horrendos chalets, por eso apenas sinten a chamada da Terra.

O sintoma para min máis claro da agonia desta comunidade está no seguinte feito: Hai algúns anos o Goberno decidiu converter a maior parte da Maragataría en campo de tiro. Fóra dalgunhas pintadas e algunhas cartas na prensa, ninguén protestou. Hoxe os convois militares pasan pola Maragataría como por terra conquistada. Instálanse en Campo Muga, ou en Luyego, ou en Villalibre, Turienzo ou Santa Colomba, só para facer algúns exercicios, tirar uns tiros e espantar ás águas do Teleno, ás codornices do campo ou ás cigañas dos campanários. A vinte metros de cada povo maragato hai un frío e amarelo indicador de que estamos pisando "campo militar". Onde estoupas as bombas non hai só lobos, tamén cervos que cruzan na mañanciña e no serán as carreteras e que se deteñen extasiados contemplando ao home.

Morre un povo. Estemos advertidos porque hai moitas formas de morrer. □

FINAL DUN EXÍLIO

GUSTAVO LUCA DE TENA

Sentámonos a tres cadeiras de distancia na longa mesa de redacción dun diario de Madrid no que era preceptivo ser mirado con todo e andar con pes de lá. Pero el non o era con caseque nada. Naquel inferno de incomunicación, pantomas do Alphonso e esperpentos da Ditadura con máscara de letras chocas, as galeiradas da censura (lápiz bermello para a prohibición absoluta; azul para as chataduras recomendadas) marcaban os pasos para sacar un periódico no que ninguén cria. A tendencia a asumir caladamente a disciplina e finxir que éramos xornalistas era xeralizada, agás naquel meu compañeiro que daba unha excepción absoluta. Empregaba a ironía coma ferro de marcar e perante un texto calquera, daba deseguida co que encerrase de tópico, retórico ou sobexo. Cando tópico, recitaba cun leno sobre-actuado o máis oficioso da escrita; cando retórico, lia un parágrafo escollido con seriedade finxida non doada de discernir. Acertaba sempre e por fin colmaba a burla cun falso elóxio do artigo criticado que cocíñaba con agudeza sen límites a partir das propias palabras do texto.

Non podían con el. Proclamaba a súa desconfianza naquel xornalismo e des-cortizaba sen pasión aos gabeadores de oficio. Unha vez vin un daqueles sarxentos da reacción romper fóra de si un cristal de escritorio dunha pancada, por un seu comentario. E con todo, esta restranca homicida habitaba nun home bon como o pan de comer. Pero a pesar da súa limpeza de intención, odiábano parvos e filisteos que non eran poucos.

Eu viña a ser o máis novo e recomendado daquel cárcere con nome de xornal e pasaba as de Caín cando me aplicaba a lupa crítica. No primeiro, admirei a súa independencia e dignidade, así como a case indiferencia con que trataba aos cabos de vara daquel mausoleo con rotativa. Non cria nos horarios. Latába dous ou tres días e desarmaba cunha tomadura de pelo monumental aos encargados de pedir contas naquel diario tan serio. Sentínme logo cómplice do seu terrorismo porque fun atopar que tanta marxinação orgullosa nacía do exilio. O mundo ao que remitía os seus soños todos estaba escrito nun galego barroco, en fólíos reservados e pudorosos con aquela letra miuda e apretada que tanto fascinaba a Raimundo Patiño. Vivía no desterro, evidentemente. Naquela provisoriedade ilustrada con centos de anécdotas de bohemia agardaba o regreso á Galiza, que intentou por tres veces.

O exilio deste grande amigo findou esoutro día para sempre na súa aldea do Arenteiro. O seu nome era Luis Losada. □

BANDA DESEÑADA



LÓPEZ

VOLVER AO REGO

Está vedado en todos os meios: ninguén debe falar de Perico Delgado e de Ben Johnson a un mesmo tempo. Ninguén iguala a probecidina do Tour de Francia, —os famosos contraanálises, Ministro de Cultura en París, unha tensión chauvinista desgarrada— co xa famoso estanozolol. Perico Delgado é europeo e branco. Johnson é negro e só canadiense para a gloria: nas dificultades xamaicano. De Johnson, embarcado na mesma cadea de sacrificio e esixencias brutais do deporte-espectáculo que move miles de millóns, pódese dicir "que se vaia das pistas para sempre". Ai de quen quixera botar, coa mesma espada de lume, a Perico Delgado das estradas!! O deporte que está nas Olimpíadas cotiza en Wall Street e ten as mesmas regras implacábeis. □